

Reboreda



Os camiños da identidade

Gonzalo Navaza

Reboreda

Os camiños da identidade

Equipo de traballo:

Andrés Couñago Laxe

Coordinador da obra

Gonzalo Navaza

Profesor da Universidade de Vigo e membro da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia

Xosé González Martínez

Director do Servicio de Normalización Lingüística da Mancomunidade Área Intermunicipal de Vigo

Xosé Couñago Rivera

Profesor de galego na Escola Oficial de Idiomas de Vigo e membro da asociación Alén Nós.

Vítor Vaqueiro

Fotografías

Foto portada: **Félix Cal**



A Xunta Directiva de Sociedade L. Cultural de Reboreda, composta por Antonia Amoedo, Fernando Carrera, Ana Cobián, M^a Xosé Rodríguez, Cándido Monteagudo, Luis Millán Andrés, Cristina Márquez, Xosé Darriba, Xan Muíños e Ánxeles Cobián, quere deixar constancia aquí do seu público agradecemento ó equipo de traballo polo seu esforzo e ilusión, á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo pola axuda económica prestada, e ós veciños que nos facilitaron información verbal e documental, para levar a feliz termo este traballo. Eles fixeron posible esta publicación e a recuperación e rotulación en coidada e decorosa cerámica artesanal dos lugares e *camiños da nosa identidade*.

A todos gracias, moitas gracias, e que Galicia volo pague.

Outubro de 2000
Ano de Manuel Murguía

PROLOQUIO

A parroquia de Reboreda está situada nun escenario natural privilexiado. Desde el albís-case o mar vigués, e ó seu redor exténdese unha paisaxe vizosa. A Sociedade Cultural que leva o nome da parroquia, tomou a iniciativa de dar a coñecer nunha publicación as características históricas que a singularizan. Características que, no caso, veñen dadas, no seu rico patrimonio toponímico. No presente volume, axeitadamente ilustrado con expresivas fotografías, quixeron os promotores amosar “Os camiños da identidade” reboredana.

Sabido é que a toponimia é unha realidade da historia, e mesmo da mitoloxía, a lenda, a imaxinación. Pero tamén unha realidade lingüística e cultural. En todo caso, ven ser resultado do que se construíu no devalar do tempo. A través de centos e centos de anos, foron sinalando os devanceiros as mostras, os aspectos dos nomes dados ás cousas e ós lugares.

Por iso, a importancia dos topónimos constitúe unha valiosísima axuda nos diversos campos da investigación humana. A variada fisonomía xeográfica, as particularidades da vida económica, os asentamentos de poboación, teñen neles evidente reflexo. Na propia xeografía física figuran as calidades do terreo, situación dos lugares, augas correntes ou estancadas. Asimesmo, pasteiros, cultivos, prantas, árbores, animais. E, xa que logo, vías de comunicación, poseedores, institucións xurídicas ou relixiosas.

Dentro do ámbito da toponimia, as denominacións xerais son diversas, como é sabido. “Antropónimos», si se trata de nomes persoais. “Eronímicos» si de serras. “Potamónicos», de ríos. “Fitonímicos», de prantas. “Torionímicos”, de animais. Toda esta diversidade denominativa ofrece un panorama de rícaz significado para a interpretación da realidade xeográfica e do contorno ambiental. Recolle nomes dados polas xentes que viviron e bautizaron a súa circunstancia.

En Galicia, xa en pleno século XVIII, o Pai Sarmiento sentou as bases dunha toponimia científica no seu *Onomástico de la lengua gallega*. Trátase do primeiro esbozo de clasificación de materia toponímica galega por categorías semánticas. Foi, quizáis, o introductor que, en Europa, amosou ese principio metódico na discusión filolóxica. Compre considerar pois que o aporte de argumentos da filoloxía é de grande importancia para a interpretación dos nomes que designan a realidade xeográfica na que están ubicados.

Neste libro titulado *Reboreda. Os camiños da identidade*, ofrécese unha comprida visión da riqueza toponímica que nel se reflexa. Contribuíron co seu traballo á edición, e expresan o seu criterio en breves textos limiares, Xesús Pérez Varela, Xosé González Martínez, Xosé Couñago Rivera, Antonia Amoedo Otero, e a Sociedade Cultural reboredana. Colabora con expresivas mostras fotográficas Vítor Vaqueiro, e coordinou a obra Andrés Couñago Laxe. Pero foi Gonzalo Navaza quen compuxo o contido con rigor e precisión. Valéndose de fontes escritas existentes, e de coñecimentos directos, andou a precurar a orixe, o significado e a historia de cada nominación estudiada.

O xove filólogo rexistrou nestas páxinas o seu saber especializado. Un saber que abrangue a íntima correlación entre nomes xeográficos e persoais. Que os dos ríos constitúen o máis antigo patrimonio pre-latino de Galicia. Que nos de montes e serras, existen denominacións metafóricas. E que o léxico toponímico vencellado á terra é símbolo da perennidade do país noso.

Gonzalo Navaza evidencia que na lingua común das xentes mantivéronse vivos quí, como noutras áreas galegas, os nomes auténticos. E iso, mália ás deturpacións oficiais. Segundo criterios semánticos cabe establecer grupos temáticos. Así as referencias a características xeográficas, hidrográficas, de asentamento humano, de propiedade, de persoas, de flora e fauna.

No interesante volume que proloquiamos deséñase, con autoridade interpretativa, a toponimia hidrográfica reboredana, en Alvedosa ou a Banda do Río, entre tantos outros. Moitas fontes e pozos. Vías como o Camiño Vello, Pasos da Fanega, A Encrucillada. Nominacións relixiosas, como Santo Paio de Abaixo, ou o Cristo de Arriba e de Abaixo. Fitopónimos, tais As Figueiras, Os Laranxos, O Loureiro, Os Cereixos, O Castañal. Terionímicos, ou de animais, como A Pigarreira, e A Miñoteira.

É realmente ilustrativo o espírito que preside o traballo realizado por Navaza, orientado á pervivencia de topónimos e microtopónimos que aquí se conservan. Porque en moitos outros lugares están a se perder soterrados baixo a asoballante modernización de rúas e prazas. Neste momento histórico no que se acentúan as actividades científicas e pedagóxicas a prol da recuperación do galego, son do maior interese estudos como o que nas seguintes páxinas se ofrece. Pois o avoengo tesouro toponímico do país, é merecente de que se lle adique unha atención particular.

Francisco Fernández del Riego
Presidente da Real Academia Galega

Galicia ten millóns de topónimos. Moitos máis, en proporción, que o resto do Estado. Temos máis de trinta e tres mil núcleos de poboación, a terceira parte dos do Estado, que ten cento oito mil. Cada anaco da nosa terra ten un nome: Os ríos, regatos, vales, montes, camiños, leiras... A través deles podemos coñecer a historia dos nosos devanceiros. A súa perda, xa sexa a perda de memoria das novas xeracións, ou por efecto das transformacións dos territorios (concentracións parcelarias, urbanizacións...), débenos preocupar a todos. Non hai moito unha nota periodística referíase á desaparición de doce mil topónimos por mor da concentración parcelaria en Silleda. Tamén a especulación urbanística provocada pola construción de macro urbanizacións substituíu, desaparecendo microtoponimia das terras concentradas pola nova denominación da urbanización (“Os Tilos, “Aldea Nova”, etc). Caso máis específico é o dalgúns concellos que rotulan nos viais con números: calle nº 1, nº 2..., no canto de recupera-las antigas denominacións.

A primeira carta xeométrica galega, con abundantísimas referencias toponímicas, fíxoa Domingo Fontán o século pasado. Era tan migalleira a descrición do noso territorio que aquel mapa recollía a microtoponimia con todo luxo de detalle. Cando Otero Pedrayo levou a Buenos Aires o mapa de Fontán, produciuse un caso marabilloso, quizais único na historia das conferencias, relata Filgueira Valverde: “era o mapa quen guiaba e falaba polas palabras do conferenciante. Cando Otero Pedrayo rematou a súa conferencia diante dos emigrantes bonaerenses, unha velliña subiu ó estrado e bicou longamente e emocionadamente o mapa”. Tan lonxe da súa aldea e con tanto mar de por medio, aquela muller era quen de localiza-los seus eidos nativos. A emoción que lle producíu foi tan grande como a evocación dos lugares próximos, que figuraban alí. Xamais un mapa provocara nunha persoa tantas emocións.

A normalización toponímica está poñendo orde despois de tantos estragos producidos. A elaboración do Nomenclátor en 1860 deu lugar a aquela desfeita que provocou a deformación dos nomes dos lugares. Exemplos paradigmáticos son o de Niñodagua, que foi traducido torpemente por Niño de la Guia. Noutros casos, os “tradutores” non se atreveron a darlle unha versión castelán por considera-la chocante. Imaxíne o lector que o concello de Vilaboa fora convertido, naquel afán perverso, en Villabuena. ¿Como ían traducir Porriño? Noutros moitos casos as traducións, feitas por funcionarios públicos descoñecedores das etimoloxías, deron lugar a denominacións estrambóticas utilizando un peculiar criterio orixinal: alí onde había un “x” púñase “j”. Foi así como Sanxenxo (a tradución correcta ó castelán sería San Ginés) converteuse en Sanjenjo; Coruxo en Corujo, etc. Os ourensáns contan do pasmo que lle producíu a un bispo recén chegado cando lle propuxeron que “mandase á Carrajo” a un crego benquerido.

O esforzo levado a cabo pola Sociedade Labrego Cultural de Reboreda está na liña do da ONU, que dende 1970 se leva preocupando dos nomes xeográficos, celebrando conferencias internacionais, ou das directrices do Parlamento Europeo. A Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia ten elaborado, tamén, un ambicioso proxecto de inventaría-la microtoponimia. Velaí porque este traballo, semellante a outro publicado polo profesor Xerardo Sacau referido á toponimia viguesa, ten un mérito e un valor importante. É de xustiza recoñecer publicamente o labor do profesor Gonzalo Navaza porque coa publicación desta obra devólvelle ós veciños de Reboreda a autenticidade das súas orixes.

Xosé González Martínez
Director do Servicio da
Normalización Lingüística da Mancomunidade da
Área Intermunicipal de Vigo

Redondela ocupa un lugar de privilexio pola súa situación na Ría de Vigo. O concello ten a forma dun anfiteatro mirando sempre cara o mar, creando un deleite para a mirada e os sentidos dos que a nós se achegan.

A parroquia de Reboreda ocupa un lugar especial neste anfiteatro natural. Acompaña este percorrido o río Alvedosa, galonado por máis de vinte muiños, algúns aínda en uso e outros reconvertidos en merendeiros e lugares de ocio, con engaiolantes fervenzas nalgúns dos seus treitos. O Alvedosa é o río principal de Redondela, que discorre na súa maior parte pola parroquia de Reboreda.

A arquitectura tradicional, entrañables romerías coma a de Santa María, a de Santo Paíño, a de San Antonio ou a das Mercedes, esta última no Pazo de Pousadouro, atractivos camiños que forman unha extensa rede de comunicación e que nos levan ata os seus máis fermosos recantos.

Podemos achegarnos ata os seus centenarios pazos de Pousadouro e de Agrelo, este último convertido en lugar de turismo rural. Desembocaremos na igrexa barroca parroquial de Santa María, deitada ó carón da casa pazo pertencente ó emblemático Xoán Manuel Pereira, inmortalizado por Otero Pedrayo na súa novela *O Señorito da Reboraina*. Perto desta casa pazo remataremos un fermoso percorrido nun dos lugares máis máxicos do concello: o Prado do Carballo das Cen Pólas, lugar milenario de encontros e celebracións baixo a súa sombra, onde o propio Castelar, presidente da Primeira República, xantou ó lado daquel *Señorito da Reboraina*.

Todas estas belezas e atractivos non podían quedar sen unha xusta posta en valor e proxección social. Por iso, co gallo de engalonar as nosas correoiras cos nomes propios rotulados en coidada cerámica artesanal, a Sociedade L. Cultural de Reboreda tomou a iniciativa de editar esta publicación na que se dan a coñecer os lugares máis atractivos deste recanto de Redondela así como gran parte do noso patrimonio histórico como o é a nosa toponimia.

Antonia Amoedo Otero
Presidenta da Sociedade L. Cultural de Reboreda

TOPONIMIA DE REBOREDA

Gonzalo Navaza

Os nomes dos lugares constitúen unha parte importante do patrimonio cultural dunha comunidade. Como os vestixios arqueolóxicos e os monumentos históricos, son un legado recibido dos antepasados, e debemos entendelos como sinais dunha memoria común, que representan en forma de palabras a relación da xente coa paisaxe ó longo da historia.

Tódolos nomes de lugar foron en orixe palabras de significado transparente, alusivas á orografía, ós propietarios das terras, ás augas, á flora, á fauna, á acción do home sobre a natureza ou a calquera outro detalle que servise para identificar un espacio determinado. Pero sucede que moitas desas palabras que nun tempo eran entendidas pola xente foron deixando de empregarse na lingua común, e dese xeito os nomes lugares foron volvéndose escuros no seu significado. O estudio da toponimia ocúpase de buscar a orixe, o significado e a historia de cada nome de lugar.

Neste achegamento á toponimia de Reboreda ocupámonos de algo máis dun cento de nomes de lugar. Moitos deles son topónimos moi antigos, de idade milenaria; outros han de ser con certeza máis recentes. A principal das fontes escritas que manexamos para este estudio é o Catastro do Marqués de la Ensenada, realizado en 1752, de maneira que podemos atestar cada topónimo, ou a maior parte deles, na forma que tiñan hai dous séculos e medio. Para un estudio máis detallado sería conveniente consultar documentación máis antiga, que haberá que rastrexar no arquivo diocesano de Tui ou nas coleccións diplomáticas relativas a señoríos laicos ou eclesiásticos que tiñan xurisdicción ou propiedades na parroquia na Idade Media ou no Antigo Réxime (a Casa de Reboreda, a de Soutomaior, a de Camba, o cabido de Tui, o mosteiro de Melón, o convento de relixiosas Xustinianas de Redondela, San Francisco de Pontevedra..., etc.).

REBOREDA

O nome da parroquia de Reboreda procede do latín ROBORETA, derivado de ROBUR, ROBORIS, a palabra con que os romanos denominaban o carballo (*Quercus robur*). A terminación en *-eda* (e o seu correspondente masculino *-edo* ou *-ido*) é un sufixo habitual para formar colectivos, e vémosto en moitos nomes de lugar que derivan de nomes de árbores ou plantas, coma en *Abeleda*, *Amoedo*, *Cerdedo*, *Figueirido* ou *Sanguñeda*, relativos a lugares caracterizados pola presenza ou abundancia de abeleiras, amieiros, cerdeiras, figueiras e sanguños, respectivamente.

Así pois, o nome de Reboreda significa 'lugar poboado de carballos'. É un topónimo que ten sen dúbida máis de mil anos, e desde hai oitocentos xa o rexistramos por escrito denominando o territorio e a igrexa de Reboreda, con categoría administrativa de freguesía ou parroquia, baixo a advocación de Santa María e pertencente ó arciprestado de Redondela e á diocese de Tui.

Durante o Antigo Réxime, ata mediados do século XIX, Reboreda foi parroquia *de presentación e padroado laico*, o que quere dicir que no eclesiástico era rexida por un párroco proposto polo fidalgo que gozaba de tal dereito sobre ela. Francisco Ávila y la Cueva, na súa historia do bispado de Tui, composta entre 1832 e 1854, detalla as importantes rendas que percibía o párroco de Reboreda nesa época e explica que "*Este beneficio es presentación de la casa titular de Reboreda, que está sita en esta parroquia pegada a su Yglesia parroquial, cuya con su Mayorazgo anda hoy en día en la ilustre casa de los Pereyras*". Cen anos antes, no Catastro de Ensenada (de 1752), figura como titular dese dereito de presentación don Bernardino Pereira e Prego de Montaos, señor de Reboreda, e como abade da parroquia o seu irmán don Baltasar Ramón Pereira.

O nomenclátor de Galicia recolle oito entidades de poboación chamadas *Reboreda*, pero unicamente no concello de Redondela dá nome a unha parroquia. É moito máis común o correspondente masculino, *Reboreda*, presente no nome de máis de sesenta localidades distribuídas por toda Galicia. En Portugal hai tres pequenas entidades de poboación chama-



Igrexa parroquial de Santa María de Reboreda, de estilo barroco

das *Reboreda*, ademais dunha parroquia veciña do río Miño, no concello de Vila Nova de Cerveira, dentro do antigo territorio da diocese de Tui.

Hai dous séculos e medio, no tempo do Catastro de Ensenada, a motivación que dera orixe ó nome de Reboreda aínda seguía presente na fisonomía do lugar, pois dun total de dez mil ferrados de terra cultivada na parroquia, unha décima parte (1000 ferrados) estaba constituída por devesas de carballos de propiedade particular, das que se obtiñan, decotadas cada tres anos, ata cinco carros de leña por ferrado. Os montes de man común, que sumaban 1500 ferrados, estaban nesa época menos poboados de arborado, e non se producía neles “*fruto ni leña de consideracion y se usan tan solamente para pasto comun de ganados de toda especie*”. Cen anos despois, no *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico* de Madoz, do ano 1845, na descrición da parroquia de Reboreda tamén se alude ás súas carballeiras.

En 1752 a poboación de Reboreda estaba composta por 360 veciños (familias) e 1362 almas (habitantes), que ocupaban 372 casas. En 1845 a poboación era de 369 veciños e 1845 almas, e o número de casas 400, segundo o *Diccionario* de Madoz, que tamén dá conta da existencia dunha escola de primeiras letras frecuentada por uns 30 nenos de ambos sexos, “*cuyos padres dan al maestro la retribución convenida*”.

No Catastro de Ensenada lemos que a parroquia de Reboreda “*tendrá de distancia de levante a poniente media légoa, y de norte al sur tres quartos de légoa y de circunferencia una légoa y cuarto de otra, que para caminarla se ocuparán dos horas. Linda principiando por el Norte en el sitio da Eira Pedraza, y de allí sigue al Penedo llamado do Toxo, de este al Laxeal, de allí al sitio do Campiño, de allí a la fuente Urzeira siguiendo a la Fuente Bilela, de esta sigue a la fuente do Mouro, de allí al Portal de la Casa de don Pedro Ochoa de Horcasitas, de esta a la de don Antonio Gago, de allí sigue vía recta al Portal de la Casa de el Conde de San Román, de este a la fuente de Altameiga, y de allí al sitio nominado da Eira Pedraza, primera demarcación*”.

Río Alvedosa

O río Alvedosa é un dos elementos máis significativos da xeografía da parroquia de Reboreda. Como sucede con frecuencia na denominación dos ríos, tradicionalmente recibiu diferentes nomes segundo os diversos tramos do seu curso, e só en época relativamente recente (no século XIX, ou se cadra xa no XX) acabou por impoñerse o nome de *Alvedosa* sobre os outros. No Catastro de Ensenada aparece máis frecuentemente co nome

de *Río de Reboreda* ou *Río da Freixa* ou *da Feixa*, e con outras denominacións en puntos concretos do seu percorrido polo territorio da parroquia.

Alvedosa é un nome pouco frecuente na toponimia maior de Galicia, e non se rexistra no nomenclátor ningunha entidade de poboación que se chame así. Na toponimia menor, sen embargo, podemos atopar topónimos idénticos, un deles non moi distante de Reboreda: unhas pequenas illas da ría de Vigo, onda a desembocadura do Verdugo, chamadas *As Alvedosas*.

Alvedosa constitúe unha alteración dun orixinario *A Erbedosa*, que no caso do río de Reboreda en principio foi só o nome dunha parte do seu curso, que aparece rexistrada no Catastro de Ensenada co nome de "*sitio do Río da Erbadosa*". *Erbedosa* é un derivado de *érbedo*, nome galego da árbore chamada en castelán *madroño* (*Arbutus unedo*), co sufixo *-osa* que alude á abundancia desa árbore no lugar. Dun xeito paralelo, topónimos como *Carballosa*, *Freixoso*, *Abelosa* e *Xestoso* aluden á abundancia das respectivas especies botánicas (carballos, freixos, abeleiras e xestas).

Na toponimia maior de Galicia atopamos algunhas entidades de poboación que conteñen no seu nome referencias a esta mesma árbore: *O Erbedeiro* (aldea da parroquia de Alxén, en Salvaterra), *Erbedelo* (hoxe un barrio da cidade de Ourense) e *Erbededo* (aldea no concello ourensán de Cenlle), ademais da parroquia chamada *Erbedeiro* no concello lugués de Carballedo.

Tanto o nome da parroquia coma o do seu río principal son fitotopónimos (do grego *fito*- 'planta'), é dicir, nomes de lugar que no seu significado orixinario fan referencia á vexetación do territorio.

SANTO PAIO DE ABAIXO

O nome de *Santo Paio*, presente na denominación dos lugares de *Santo Paio de Arriba* e *Santo Paio de Abaixo*, é un haxiotopónimo (do grego *hagio*- 'santo'), é dicir, un nome de lugar relacionado co culto relixioso. Neste caso garda relación coa capela dedicada a San Paio, o máis popular e venerado dos santos galegos.



Muíño da Ponte, actualmente restaurado como merendeiro, á carón do río Alvedosa

O neno Paio, sobriño do bispo de Tui, padeceu martirio en Córdoba por orde de Abderramán III no ano 925, á idade de 13 anos, e pouco despois da súa morte foi canonizado pola Igrexa como santo mártir e comezou a ser obxecto de veneración e culto relixioso, primeiro na propia diocese de Tui, onde o seu tío mandou construír un mosteiro baixo a súa advocación (en Albeos, Crecente), e logo por todo o noroeste peninsular, especialmente a partir do século XII, cando o adoptou como titular e patrón o convento de Antealtares en Compostela.

O nome deste santo ten moita presenza na toponimia de Galicia, nos máis dos casos debido ás numerosas igrexas e capelas onde se lle rende ou rendeu culto. Atopámolo no nome de setenta e catro entidades de poboación galegas, ben como santo titular da parroquia (en corenta parroquias) ou ben como denominación da entidade de poboación, coma neste caso.

De entre tódolos topónimos relacionados co culto deste santo, o *Santo Paio* da parroquia de Reboreda ofrece a particularidade de non presentar apócope do adxectivo *santo*, fronte á forma común no resto de Galicia, que si fai apócope (*San Paio* ou *Sampaio*).

Paio é a forma galega correspondente a un nome latino *Pelagius*. Houbo un martir cristián na antiga Roma chamado *Pelagius* que é venerado como santo (San Pelaxio), pero que, evidentemente, non ten nada que ver co noso San Paio, que naceu en Galicia algúns séculos máis tarde. Sen embargo, na aberrante castellanización que se fixo dos nomes galegos, ás veces “traducíronse” os *Paio* galegos por *Pelayo* ou *Pelagio*. No Catastro de Ensenada (1752), este topónimo de Reboreda figura co seu nome (“*lugar de Santo Paio*”), pero no Diccionario de Madoz (1845) aparece castellanizado como *San Pelagio*.

Outra deturpación habitual do nome deste lugar consistiu en transcribilo segundo a forma habitual no resto de Galicia, *San Paio*, e así figuraba ata hai pouco nos nomenclátors oficiais e nos mapas (en ocasións coa grafía *San Payo*). Hoxe a forma oficial do topónimo responde á denominación tradicional local de *Santo Paio*, que como dixemos constitúe un caso único porque non fai apócope de “Santo” en “San”. É posible que esa particular variante teña orixe no emprego popular de “O Santo” ou “O Santo Paíño” como denominacións locais do santo mártir venerado no lugar.

Camiño das Laxes

Laxe é palabra común galega que designa pedras grandes que afloran na superficie do terreo, e ten unha presenza relativamente frecuente na toponimia de Galicia. O

nomenclátor oficial recolle, ademais do nome do concello coruñés de *Laxe*, máis dun cento de entidades de poboación que levan os nomes de *Laxe*, *Laxa*, *Laxes*, *Laxas*, *Laxela*, *Laxelas*, *Laxiña*, etc., sen contar derivados como *Laxosa*, *Laxeiro* ou *Laxedo*. Tamén é moi común na toponimia de Portugal, especialmente no norte.

A palabra *laxe* procede do latín galaico *LAGENA*, e a esta atribúeselle orixe céltica. O primeiro elemento do topónimo *Camiño das Laxes*, que é a palabra *camiño*, tamén ten en última instancia orixe celta, pois aínda que chegou ó galego e ás outras linguas románicas desde o latín (*CAMINUS*), neste idioma era un préstamo do celta, que veu substituír no latín vulgar a palabra usada no latín clásico (*VIA*) co mesmo significado.

O nome do lugar denominado *As Laxes* fai referencia, polo tanto, á constitución do terreo. No Catastro de Ensenada, do ano 1752, menciónase este lugar pertencente a Santo Paio como "*sitio das Lajes*".

Campo da Roda

Na toponimia galega e doutras áreas xeográficas é común o emprego do nome *campo* para designar unha superficie aberta e chaira, xeralmente sen cercar, cultivada ou non; nun uso máis amplo pode ser denominado *campo* practicamente calquera tipo de terreo. A "roda" do nome do *Campo da Roda*, coma noutros topónimo semellantes espallados pola xeografía peninsular (*A Roda*, *La Roda*, *Rueda*, etc.) fai referencia a unha liña curva cerrada, pero non temos información que nos permita saber qué roda ou rodas concretas deron orixe a este topónimo de Reboreda, e descoñecemos se o nome aludía en orixe ó trazado dun camiño, ás lindes ou á forma circular do campo ou calquera outra motivación da que non se conserva memoria. Tamén pode deber a súa denominación á roda formada pola xente para algunha actividade agrícola ou comunitaria, como sucede noutros topónimos menores idénticos a este que designaban un lugar ó aire libre onde se fabricaban cordas. No concello portugués de Chaves existen dúas localidades chamadas *Campo da Roda* que reciben o seu nome do do lugar onde se realizaba esta actividade artesanal.

O nomenclátor de Galicia recolle dúas entidades de poboación chamadas *A Roda* (nos concellos de Salvaterra de Miño e de Celanova) e tres chamadas *Rodas* ou *As Rodas* (nos concellos de Vilalba, Boborás e Tui).



Muíno de Peixiño, hoxe merendeiro, á beira do Camiño das Laxes

No Catastro de Ensenada este lugar de Santo Paio figura como *sitio do Campo da Roda* ou *do Campo das Rodas*, indistintamente, e nesa época ocúpano maioritariamente terras de labor consideradas de primeira e de segunda calidade. O tramo do río Alvedosa máis próximo a este campo recibía daquela (1752) o nome de *Río da Roda* ou *Río das Rodas*.

Camiño de Pousadouro

Como é habitual nos nomes dos camiños, o nome deste fai referencia ó seu destino, o lugar chamado *Pousadouro*, do que falamos máis adiante entre os topónimos de Asnelle de Abaixo. Os dous elementos deste topónimo, as palabras *camiño* e *pousadouro*, están estreitamente relacionadas entre si, como veremos.

A Banda do Río

Este topónimo fai referencia á localización do lugar á beira do río. Non figura no Catastro de Ensenada, aínda que quizais poidamos identificalo co lugar que alí aparece denominado como *Sitio do Río*.

O nome común *banda*, alusivo a calquera das dúas ribeiras dunha corrente fluvial, está moi presente na toponimia de Galicia, e o seu significado é equivalente ó de *beira*, *riba* ou *ribeira*. O nomenclátor das entidades de poboación galegas recolle tres variantes deste mesmo nome: *Banda o Río*, *Bandalrío* e *Banda do Río* (localidades dos concellos da Pobra do Caramiñal, Boiro e Poio, respectivamente, neste último coincidente coa forma do topónimo de Reboreda). Tamén hai tres localidades chamadas *Aquelabanda* (2 na Coruña, 1 en Lugo) e unha *Calabanda* (resultado dun antigo *Aquela Banda*, coma as anteriores), que fan igualmente referencia á situación do lugar respecto dun curso de auga. O Catastro de Ensenada recolle na parroquia de Reboreda un topónimo menor semellante, que aparece castelanizado como "*sitio de Aquellabanda*".

Fonte do Marchabén

Como sucede noutras fontes da parroquia (*Fonte do Abade*, *Fonte de Saavedra*...), semella que o segundo elemento do seu nome alude a un antigo propietario ou usuario da fonte ou dos terreos circundantes, neste caso coñecido coa alcuña ou sobrenome de

O *Marchabén*. Esta alcuña, de orixe probablemente anecdótica ou humorística, é un composto do verbo *marchar* e o adverbio *ben*. Como tamén existe nas inmediacións un muíño chamado *de Marchabén* ou *do Marchabén*, é probable que a denominación nacesse precisamente por alusión ó funcionamento dese muíño, e que fose este o que serviu para dar nome á fonte e non ó contrario. En calquera caso, este segundo elemento do topónimo ha de ser relativamente recente, pois no Catastro de Ensenada non aparece ningunha fonte ou muíño que reciban este nome, aínda que si rexistramos diversas referencias a un lugar de Santo Paio de Abaixo chamado *sitio da Fonte*, pero non podemos confirmar se trata desta mesma fonte que nos ocupa.

O Camiño Vello

É un topónimo de significado transparente, onde o adxectivo *vello* alude sen dúbida á antigüidade dese camiño, que constitúe a vía tradicional que unía Redondela coa igrexa parroquial de Reboreda. Nun documento do ano 1506 atopamos referencia a este traxecto “*que vay da dita vila de Redondela para donde vive Joan Ricon*”¹, pero a súa orixe ha de remontarse a varios séculos antes.

Os Pasos da Fanega

Paso e *Pasal* son topónimos viarios derivados do verbo *pasar*, e designan lugares por onde un camiño atravesaba unha corrente de auga mediante pedras situadas no propio leito do río, de xeito que o camiñante pode pasar a pé enxoiro saltando de pedra en pedra.

No Catastro de Ensenada (1752) atopamos referencias a diversos lugares da parroquia chamados *Os Pasos* ou *Os Pasás*, correspondentes a vaos por onde se atravesaba o río. O *Diccionario* de Madoz (1845), na descrición de Reboreda explica que baña a parroquia “*un río que nace en Amoedo, y pasando por algunos puentes poco considerables, se reúne en el centro de la feligresía con otro que nace en los confines de Cepeda*”. O primeiro elemento do topónimo *Os Pasos da Fanega* alude a unha desas pontes “pouco considerables”.

O segundo elemento do topónimo é o antigo nome da zona en que se atopaban os mencionados pasos sobre o río, chamada tradicionalmente *A Fanega*. No Catastro de Ensenada, unhas propiedades que tiña en Santo Paio don Fernando Salazar, abade de Moscoxo, loca-

1) MAIA, Clarinda de Azevedo, *História do Galego-Português*, INIC, Coimbra, 1986, nº 136, p. 243.



Centro Cultural da parroquia

lízanse no “*sitio da Fanega*”, e tamén reciben o nome de “*Muíños da Fanega*” dous muíños negreiros que posuía nesa zona Xoaquín Salazar, veciño de Tomiño e probablemente parente do anterior. Como noutros casos, hoxe non podemos saber se foron os mencionados muíños o que deron nome á zona ou se foi o nome da zona o que serviu para denominar os muíños.

Fanega era palabra de uso relativamente común que designaba unha medida de capacidade. O seu valor era variable dunhas comarcas a outras; en Pontevedra, segundo o dicionario de Valladares (1884), unha fanega equivalía a catro ferrados. Aínda que en orixe era medida de capacidade para áridos (trigo, centeo, legumes, etc.), por extensión usouse tamén como medida de superficie, como sucede co *ferrado*, polo que a fixación deste nome como topónimo aplicado a un lugar concreto pode aludir ou ben á medida da produción agrícola dunha propiedade ou ben ás súas dimensións. A mencionada posesión do abade de Moscoxo no *sitio da Fanega* no século XVIII consistía nunha casa terreña de seis varas de fachada, lindante por esquerda e dereita co camiño, e dúas pezas de terreo, unha delas de tres ferrados de labradío de segunda calidade e a outra de medio ferrado, dedicada a parra e considerada de primeira. En conxunto, algo menos de catro ferrados, ou sexa, unha fanega. Se pola contra o topónimo naceu nos mencionados *Muíños da Fanega*, entón é probable que o nome aluda á súa capacidade de produción, que sen dúbida debía de ser pouca, pois estes muíños, segundo o Catastro de Ensenada, “*por estar en más mala situación, faltos de agua, muelen solamente los quatro meses del año*”.

Contixe

O nome de *Contixe* é un dos máis interesantes da toponimia da parroquia pola súa rareza e pola súa antigüidade. Non ten paralelo na toponimia de Galicia (polo menos na toponimia maior, a das entidades de poboación), aínda que si na toponimia portuguesa na localidade chamada *Contige* (no concello de Satão, na Beira Alta). Este lugar portugués, non moi distante de Viseu, está documentado como *Villa Contigi* no século XI, segundo o *Onomástico Medieval Portugués* de A. Cortesão.

Tanto o *Contixe* de Reboreda coma o *Contige* portugués son topónimos derivados dun antigo nome persoal *Contigus* ou *Contigius*, que tivo uso en Galicia hai uns mil anos (no ano 1097 rexistra Cortesão, na obra mencionada, un individuo chamado *Contigo*) pero que axiña deixou de empregarse como nome de persoa.

Polo que respecta á orixe deste nome persoal, é probable que teña orixe xermánica, ou sexa, sueva ou visigoda (o que non quere dicir que necesariamente fose de orixe sueva ou visigoda o individuo así chamado). O primeiro elemento deste nome correspondería á raíz GUNT- ‘combate’, que tiña unha variante CUNT- ou CONT-, presente por exemplo noutro nome persoal galego medieval, tamén de orixe xermánica, *Contimundo* ou *Cuntimundo* (do cal procede o nome de lugar *Contimunde*, localidade do concello coruñés de Rois).

O nome do lugar chamado *Contixe* deriva do mencionado nome de persoa mediante a forma do xenitivo latino *Contigi* ou *Contigii*, e significa que o lugar foi propiedade ou fundación dun individuo así chamado. A antigüidade deste nome persoal, que deixou de usarse a comezos da baixa Idade Media, e a propia formación a partir do xenitivo son indicio da antigüidade do topónimo.

No Catastro de Ensenada aparece rexistrado como *sitio de Contixe*.

A Cacharela

O nomenclátor recolle dúas entidades de poboación chamadas *A Cacharela* nos concellos de Santiago e da Estrada, e en Lalín coñécese co mesmo nome un dos barrios tradicionais do núcleo urbano.

En moitas zonas de Galicia *cacharela* é palabra común que designa unha fogueira ou cachela de lume que se prende nun exterior, pero polo regular a presenza desta palabra na toponimia non alude a fogueiras senón que contén outra acepción de *cacharela* alusiva ás condicións do terreo. Nos dicionarios galegos de Leandro Carré (1928) e de Eladio Rodríguez (1958) defínese a *cacharela* como un “terreo de pouco fondo”. Trátase dun derivado do verbo *cachar* ‘roturar monte’, e propiamente constitúe unha variante de *cachadela*, diminutivo de *cachada*, ‘porción de monte ou de terra inculca que se roza e rotura para o seu cultivo’.

No Catastro de Ensenada (1752) rexístrase como “*sitio da Cacharela*”.

Os Muíños

Resulta un topónimo transparente no seu significado. Dá nome á baixada que levaba ata os muíños situados nesa zona do río.



Mirador da Pateira, sobre a ferverza do río Alvedosa, no lugar dos muíños

O Catastro de Ensenada rexistra 35 muíños no termo parroquial de Reboreda. Na economía tradicional da parroquia, baseada case exclusivamente na agricultura e a gandería, os muíños eran, xunto cos teares domésticos, os principais elementos industriais: “*en dicha feligresía no ai minas algunas, batanes, salinas ni otro artefacto y solo ai en el término treinta y cinco molinos arineros de agua cada uno con su muela situados en el río da freija, y por otro nombre de Revoreda... los treinta y dos negreros y los tres restantes alberos que solo muelen trigo*”.

Se en 1752 se contaban trinta e cinco muíños na parroquia, cen anos máis tarde (en 1845, data do Diccionario de Madoz) só se rexistraban dezasete, o mesmo número dos que se conservan na actualidade.

A Feixa

O nome de *A Feixa* foi en orixe a denominación dun tramo do río que hoxe coñecemos como Alvedosa e que antigamente tamén era chamado *Río da Feixa* ou *da Freixa*, como vimos máis arriba. *Feixa* é un hidrotopónimo (do grego *hidro-* ‘auga’) constituído por unha palabra galega que designa habitualmente un salto ou cachón dun río. É, pois, un sinónimo de *fervenza*, *abanqueiro*, *cadoiro*, etc. A presenza na toponimia deste nome *feixa* é característica do cuadrante suroeste do territorio galego. Nestas áreas esta forma convive con outra variante con R, *freixa*, que é a que habitualmente figura nos dicionarios, e que está presente, por exemplo, na coñecida ferverza do río Tea en Ponteareas chamada *A Freixa*. No topónimo de Reboreda conviviron por igual as dúas denominacións de *freixa* e *feixa*, que aínda alternan hoxe, e no Catastro de Ensenada atopamos indistintamente *río da Freixa* ou *da Feixa* (ou tamén *Freija* e *Feija*) para o nome do río. Na toponimia doutras áreas do territorio galego existen outras variantes, como *Fareixa* e *Farixa*.

Esta palabra xa suscitou o interese do padre Sarmiento cando na súa viaxe por Galicia de 1745 visitou as *feixas* do río de Caldelas ou Verdugo. O sabio beneditino descríbeas explicando que “*consiste en que en el medio del río se elevan tres rocas altas y al saltarlas el río mete un ruido que, si hay mucho aire, se oye muy de lejos*”, e fai referencia a outras ferverzas que reciben a mesma denominación: “*A vista de Pontevedra se oye la feixa o freixa del río de Marcón y del de Borela*”. Para Sarmiento, a *feixa* ou *freixa* designaría en orixe non o río ou o cachón de auga, senón as rochas que o provocan, e por extensión pasaría a aplicárselle ese nome á ferverza mesma. O filólogo catalán Joan Corominas atribúelle a esta

palabra galega *feira* ou *feira* unha orixe céltica. Segundo algúns filólogos podería estar emparentada co francés *falaise* 'cantil', mentres que outros a fan derivar do verbo latino FRANGERE 'romper'.

O Couto do Piollo

Un *couto* é un territorio sometido a un acoutamento ou deslinde e afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdicción. O segundo elemento do topónimo, "*do Piollo*", pode ter nacido por algunha razón de carácter anecdótico ou ben facer referencia a un beneficiario do couto que fose coñecido co sobrenome de *O Piollo*. Como outros nomes de animais, o nome do piollo tivo tradicionalmente moito uso como alcuña persoal en toda Galicia, con frecuencia aludindo a individuos miúdos ou de curta estatura, pois en xeral o nome deste insecto contén connotacións humorísticas ou metafóricas doadamente asociables a cousas de pequeno tamaño. Por esta mesma razón tampouco podemos desbotar a posibilidade de que aluda precisamente ó pequeno tamaño do couto.

O topónimo *O Couto do Piollo* non figura no Catastro de Ensenada, e o lugar aparece mencionado como "*sitio do couto*". Se cadra o elemento "*do Piollo*" do seu nome naceu despois da época de confección dese catastro (mediados do século XVIII).

O Canudo

Os dicionarios galegos recollen a palabra *canudo* como nome común, derivado do latín CANNA 'cana', e defínenlo como sinónimo de *cañuto* e *canuto*, co significado de 'parte dunha cana comprendida entre nó e nó', ou, cun valor máis xenérico, de 'tubo delgado de calquera materia'. A partir desta significación podería aplicarse na toponimia a algún tipo de canalización, a unha fonte ou, nun sentido máis amplo, a calquera paso estreito, sexa dunha corrente de auga ou non. Pero dada a súa condición de derivado de *cana*, o uso de *canudo* como nome de lugar pode ter tamén valor fitonímico, alusivo á vexetación e relativo á abundancia de *canas* ou *canelas* no lugar, equivalente de *Canedo*, *Canido*, *Caneda*, *Canaval*, etc. É moi probable que sexa este o significado orixinario do topónimo *O Canudo*. Na toponimia da parroquia existen outros topónimos que fan referencia ás canas (*As Canelas*, *A Canosa*, etc.).

No Catastro de Ensenada este lugar figura rexistrado como "*sitio do Canudo*".

As Cabirtas

Cabirta é unha forma popular galega, variante de *cabrita*, derivado de *cabra* (latín *CAPRA*). Na toponimia, este nome pode facer referencia ós animais e designar lugares habitualmente ocupados por eles, pero nos máis dos casos está con sentido figurado, designando pedras ou terreos pedregosos e en pendente, se cadra por alusión ós espazos onde comunmente paze este gando miúdo. Con ese mesmo sentido é habitual en galego a denominación de *camiño de cabras* para un camiño dificilmente transitable, pedregoso ou en costa pronunciada, e na toponimia menor non é infrecuente a denominación de *Cabritas* ou *Cabirtas* con valor orográfico, designando grupos de pedras ou riscos que fan irregular o terreo. Por outra banda, co nome de *cabirta* tamén se coñecen algúns obxectos ou ferramentas de forma curva, se cadra por semellanza cos cornos dunha cabra. O nomenclátor oficial recolle unha localidade chamada *Cabrita* no concello coruñés de Narón.

No Catastro de Ensenada (1752) este lugar de Reboreda aparece mencionado sempre co seu nome en singular: “*sitio da Cabirta*”.

As Figueiras

O significado deste nome resulta evidente. Coma outros topónimos da parroquia, trátase dun fitotopónimo, isto é, un nome que fai referencia á flora ou á vexetación. A palabra galega común *figueira* procede do latín *FICARIA*, un derivado de *FICUS* ‘figo’. O nomenclátor de Galicia recolle máis dun cento de núcleos de poboación que aluden no seu nome á presenza ou abundancia destas árbores froiteiras (*Figueira*, *Figueiroa*, *Figueiral*, *Figueiredo*, *Figueirido*...), unha cuarta parte dos cales son chamados *Figueiras* ou *As Figueiras*, coma este de Reboreda.

No Catastro de Ensenada este lugar aparece como “*sitio das Figueiras*”.

Novelle

O nomenclátor de Galicia recolle dúas entidades de poboación, nos concellos de Vimianzo e Monforte, que levan o mesmo nome ca esta de Reboreda. O mesmo nome está presente tamén no coñecido *Coto Novelle*, a mole montañosa que se ergue cerca da vila



Canastro típico da zona

ourensá de Ribadavia. Estes topónimos poden proceder da forma do xenitivo (NOVELLI) do nome persoal de orixe latina NOVELLUS, que constitúe un diminutivo de NOVUS ‘novo’. Non obstante, nalgún caso un topónimo *Novelle* podería conter unha alteración dun primitivo *Lobelle*, e este procedería do xenitivo doutro nome persoal LUPELLUS ‘lobiño’.

Polo Catastro de Ensenada sabemos unha parte importante das propiedades situadas neste “*sitio de Novelle*” “*de Nobelle*” pagaban foro ó mosteiro ourensán de Melón.

O Monte do Leite

O segundo elemento deste topónimo alude, segundo a tradición local, a un alto onde paraban as leiteiras que vendían o leite. Podería tratarse dun topónimo relativamente recente, pois non se rexistra no Catastro de Ensenada.

As Chans

En toda a área suroccidental de Galicia é común o uso do substantivo feminino *chan* (*unha chan, a chan*, procedentes do latín PLANA) para designar unha pequena chaira situada en lugares elevados ós que se accede por pendentes máis ou menos pronunciadas. O nomenclátor recolle oito entidades de poboación chamadas *As Chans*, todas elas na provincia de Pontevedra

Como sucede no topónimo *As Cabirtas*, no Catastro de Ensenada figura este topónimo en singular: “*sitio da Chan*”.

Fonte da Fenteira

O nomenclátor de Ensenada rexistra esta paraxe co nome de “*sitio da Fenteira*”, e localiza nela propiedades de parras e terras de labor, algunhas delas sometidas a foro do mosteiro ourensán de Melón.

Fenteira é un derivado de *fento* (< latín FILICTU), e alude á abundancia desta especie vexetal no lugar, que sen dúbida estivo poboado de fentos no tempo en que comezou a ser coñecido por ese nome.

O *fento* é unha das especies botánicas que máis presenza ten na toponimia galega, baixo diferentes derivados como *Fental*, *Fentar*, *Fenteira*, *Fieital*, *Fieiteira*, *Felgar*, *Filgueira*, *Felgueira*, *Folgo*, etc.

Camiño da Lavandeira

No nomenclátor de Galicia figuran máis de trinta entidades de poboación chamadas *A Lavandeira* ou *As Lavandeiras*. Trátase dun hidrónimo, é dicir, dun topónimo relativo a cursos de auga, e designa habitualmente terreos con auga abundante ou facilmente alagadizos. A interpretación popular tende a asociar estes nomes ó significado de *lavandeira* como ‘muller que lava a roupa’, pero o seu uso na toponimia non sempre coincide con lugares onde se realizaban tales labores, pois non é infrecuente o nome de *Regato*, *Regueiro*, *Río* ou *Rego da Lavandeira* ou *das Lavandeiras* para correntes fluviais moi afastadas dos núcleos de poboación.

Aínda que *lavandeira* é tamén un nome común galego dunha pequena ave, só nalgún caso excepcional os topónimos en que está presente esta palabra poderían facer referencia a estes paxaros. O *Camiño da Lavandeira* da parroquia de Reboreda debe o seu nome ó lugar que o Catastro de Ensenada rexistra como “*sitio da Lavandeira*”, composto predominantemente de terras labradías de regadío e caracterizado pola abundancia de auga.

Camiño do Souto

A palabra común *souto* (do latín *SALTUS*) designaba en orixe un bosque mixto de arborado, aínda que en galego pasou a adquirir un significado específico de ‘bosque de castiñeiros’. *Souto* e os seus derivados (*Soutiño*, *Soutelo*, *Soutullo*, *Soutogrande*, *Soutolongo*, *Soutomaior*...) teñen moitísima presenza na toponimia de Galicia, en consonancia coa enorme importancia que tivo a castaña na economía e na alimentación tradicionais anteriores á chegada da pataca de América. O nomenclátor de Galicia recolle máis de trescentas entidades de poboación que conteñen no seu nome a palabra *souto*.

O Catastro de Ensenada rexistra na toponimia da parroquia de Reboreda numerosos topónimos que fan referencia á presenza de castiñeiros: *Castiñeiras*, *A Castiñeira*, *o Castañal*, *O Souto*, *o Souto Vello*, etc., ademais do correspondente ó nome deste camiño, que figura como “*sitio do Souto*”.

O Seixal

Seixal é un derivado colectivo de *seixo* ‘pedra’, e este procede do latín SAXU, que tiña o mesmo significado. Na toponimia, polo tanto, alude á existencia no terreo de pedras ou penedos. Este tema ten moita presenza na toponimia galega, e o nomenclátor recolle máis de setenta localidades denominadas coa forma simple *Seixo* ou *O Seixo* ou con derivados da mesma familia léxica (*Seixas*, *Seixido*, *Seixoso*, *Seixiños*, etc.), entre eles dúas localidades chamadas *Seixal* ou *O Seixal* (no concello coruñés de Oleiros e no pontevedrés de Sanxenxo), coincidentes no nome con este lugar de Reboreda.

Aparece no Catastro de Ensenada como “*sitio do Seixal*”, “*sitio do Seijal*”, “*sitio del Seijal*”.

Fonte de Arriba

É un topónimo de significado aparentemente transparente. Toma o seu nome do nome do lugar en que se atopa, coñecido como *lugar de Arriba*, que tamén dá nome ás *Veigas de Arriba*. No Catastro de Ensenada aparece como *sitio de Arriba* pero tamén como *sitio da Riba* e *sitio de la Riba*, polo que se cadra non fai referencia á súa situación nunha zona máis elevada ca outra que se toma como referencia, senón na *riba* (do latín RIPA ‘beira, ribeira’) dun curso de auga, neste caso o regato que pasa polas mencionadas veigas.

A Rotea

O nomenclátor de Galicia recolle máis de vinte entidades de poboación chamadas *A Rotea* ou *A Arrotea* ou os correspondentes plurais. Na toponimia menor é aínda máis abundante a presenza deste nome, especialmente en áreas meridionais (as mencionadas entidades de poboación localízanse todas nas provincias de Ourense e Pontevedra, maioritariamente nesta última).

Rotea e *Arrotea* son substantivos comúns en galego (derivados do verbo latino RUMPERE ‘romper’, a partir do seu participio RUPTUS) e designaban terreos *roturados* por primeira vez, é dicir, gañados ó monte para o seu cultivo. Pertencen á familia léxica do verbo *arrotear*, que os dicionarios definen como “*cultivar terras novas ou estériles*”. Os lugares chamados *A Arrotea* ou *A Rotea* foron, pois, terreos incultos gañados para a agricultura, nos máis dos casos na Idade Media.

No Catastro de Ensenada figura este lugar como “*sitio da Arrotea*” ou “*sitio da Rotea*”.



Vista dunha das casas distinguidas da parroquia, no camiño da Reboraina.

O Carboeiro

Na economía tradicional galega, o carbón empregado como combustible era exclusivamente carbón vexetal, obtido nas *carboeiras* ou *carboeiros*, un enxeños, normalmente ó aire libre, que permitían a combustión lenta das raíces de urces e outras madeiras en montóns cubertos de terra. A presenza dos nomes *Carboeiro* e *Carboeira* na toponimia serve para designar lugares onde antigamente se facía carbón por ese procedemento.

O nomenclátor de Galicia recolle máis de vintecinco entidades de poboación así chamados, espallados por todo o territorio (o máis coñecido, o da parroquia de Carboeiro, en Silleda, onde se atopan as ruínas do coñecido mosteiro erixido no século X nas ribeiras do Deza). Na toponimia menor, *Carboeiro* e *Carboeira* son tamén nomes relativamente abundantes.

Este lugar de Reboreda figura no Catastro de Ensenada como “*sitio do Carboeiro*”

Camiño da Misión

Segundo a tradición oral, o nome deste lugar fai referencia ó camiño que transitaban os “misioneiros” cando viñan a esta parroquia. Se é así, trataríase dun topónimo relativamente recente, acaso nacido xa no século XX. Non temos información que nolo permita confirmar, polo que tamén podemos sospeitar que acaso ese nome de “Misión” sexa realmente unha alteración popular doutra palabra anterior. Non figura no Catastro de Ensenada.

A Reboraina

É un topónimo singular, non tradicional senón de creación culta, que contén unha dobre alusión histórica: ó escritor don Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) e ó fidalgo de Reboreda don Xoán Manuel Pereira Castro (1823-1896).

A derradeira obra narrativa extensa de Otero Pedrayo, publicada en 1960 e titulada *O señorito da Reboraina*, é unha recreación literaria da singular personalidade e a novelesca biografía de don Xoán Manuel Pereira, señor de Reboreda: conspirador liberal, varias veces encarcerado e outras tantas fuxido, exiliado en Portugal e Inglaterra, gobernador de Pontevedra, deputado en Cortes, embaixador de España na China, enxeñoso e aventureiro, extravagante e seductor, mullereiro e polígamo, dilapidador da fortuna familiar ás mans



Casa de Reboreda, pazo onde residiu "O Señorito da Reboraina"

cheas, autor de panfletos e proclamas revolucionarias e encarnación dun dos arquetipos do heroe romántico.

A palabra *Reboraina* constitúe unha alteración de *Reboreda*. Con esa alteración disfrazalevemente Otero Pedrayo o personaxe histórico e de paso subliña a dimensión simbólica do nome que lle impón ó literaturizalo. A *Reboraina* ideada polo escritor conserva a raíz *Rebor-*, alusiva ós carballos (con tódolos significados connotativos do carballo e a súa raíz en relación coa terra e coa liñaxe) e engádelle o sufixo *-aina*, de forte poder evocador porque se trata dunha terminación insólita, presente unicamente nun contado número de palabras que dese xeito transfiren algúns dos seus significados ó nome que Otero impón ó personaxe, achegando connotacións de fidalga luminosidade (*solaina*), de determinación alegre (*andaina, chanfaina, buxaina*), de frivolidade galante e festiva (*gandaina, lilaina, polaina, rebuldaina, tarambaina...*).

O Cotiño

Coto é palabra galega común, de orixe prerromana, que designa o punto máis alto dunha elevación do terreo. Está moi presente na toponimia, tanto na forma simple como en derivados (*Coto, Cotiño, Cótaro, Cotro, Cotelo, Cotarelo*, etc.) ou compostos (*Coto Redondo*, etc.). Existe tamén en Asturias coa forma *Cueto*. *Cotiño* é un diminutivo común de *Coto* en galego.

Este lugar figura no Catastro de Ensenada como “*sitio do Cotiño*”.

A Fonte do Cotiño

Resulta evidente o significado deste topónimo, que designa unha fonte do lugar do Cotiño. No Catastro de Ensenada figura como “*la Fuente do Cotiño*”.

O Camiño Fondo

O significado deste topónimo resulta transparente. O adxectivo *fondo* fai referencia á orografía do camiño, que discorrería por lugares máis baixos ou profundos cós dos arredores.

Non figura este topónimo no Catastro de Ensenada.



Placa de cerámica utilizada para identificar os camiños e lugares da parroquia

SANTO PAIO DE ARRIBA

Xa fixemos referencia ó topónimo *Santo Paio*. A utilización da determinación “de Abaixo” e “de Arriba” para distinguir dúas partes dunha mesma realidade xeográfica é procedemento habitual na toponimia.

As Cavadas

Cavada é unha forma do participio do verbo *cavar*, usada como nome para designar terras roturadas. O seu significado orixinario é, xa que logo, próximo ó que vimos para *A Rotea* e para *A Cacharela*. Na mesma parroquia está presente esta palabra nunha forma de diminutivo, *A Cavadiña*, como veremos máis adiante.

O nomenclátor de Galicia recolle ducia e media de entidades de poboación chamadas *A Cavada*, *A Cavadiña* ou *As Cavadas*.

Este lugar aparece no Catastro de Ensenada como “*sitio das Cavadas*”.

A Porta do Caballero

O nome *porta* ten presenza na toponimia para aludir a diferentes realidades, desde pasos naturais de montaña (nese caso é habitual o diminutivo *Portela*) ata entradas de calquera tipo de construción ou obra humana. Segundo a tradición oral, o segundo elemento deste topónimo fai referencia a un individuo coñecido como “o Caballero”. Este castelanismo (e non a forma galega *Cabaleiro*) é indicio de que se trata dun topónimo de creación recente. No Catastro de Ensenada este lugar recibe o nome de “*sitio da Porta*”.

O Muro Novo

O *Muro Novo* é un topónimo de significado evidente, e na súa orixe facía referencia probablemente a un muro de pedra. O nomenclátor de Galicia recolle arredor de quince entidades de poboación que teñen o substantivo *muro* no seu nome, entre elas o lugar de *Muronovo*, no concello lugués do Vicedo, coincidente na forma con este topónimo de Reboreda.

No Catastro de Ensenada figura como “*sitio de Muro Nobo*”.

A Encrucillada

Encrucillada é unha palabra tradicional galega que designa o lugar onde se cruzan ou cortan dous camiños, e constitúe un derivado de *cruz*, nome que tamén se usa na toponimia para denominar cruzamentos viarios. Ten presenza relativamente abundante na toponimia de toda Galicia, tanto na toponimia maior (o nomenclátor recolle cinco localidades con ese nome) coma na menor.

Fonte da Costa

Resulta un topónimo transparente no seu significado, e dá nome a unha fonte que se atopa nun lugar situado en costa ou pendente. Atopámolo no Catastro de Ensenada (1752) co mesmo nome que ten hoxe: “*sitio da Fonte da Costa*”.

Camiño das Lamelas

Lama é palabra galega de orixe prerromana que designa terreos húmidos ou con abundancia de auga. *Lamela* é unha forma diminutiva de *lama*, do mesmo xeito que *portela* é un diminutivo de *porta*. *Lama* e os seus derivados teñen moita presenza na toponimia de Galicia, e o nomenclátor recolle máis de cincuenta entidades de poboación chamadas *Lamela* ou *Lamelas*.

No Catastro de Ensenada figura como “*sitio das Lamelas*”.

A Barreira, Fonte da Barreira

A palabra *barreira* pode ter na toponimia diversas orixes e significacións. Por unha banda, como derivado de *barra* pode aludir a un obstáculo nun camiño, un muro, un desnivel ou unha porción de terreo longa e estreita. Por outra banda, como derivado de *barro*, alterna co correspondente masculino *barreiro* pode designar lugares abundantes en barro ou, máis especificamente, o lugar onde se extrae ou extraía o barro empregado na olearía e na construción. É este último significado o que deu orixe ó topónimos *A Barreira* e *Fonte da Barreira*.

O nomenclátor de Galicia recolle máis dunha ducia de entidades de poboación chamadas *Barreira* ou *A Barreira*, e cerca de oitenta co correspondente masculino *Barreiro*.



Monolito colocado no Prado do Carballo das Cen Pólas, límite entre os barrios de Santo Paio de Arriba e A Quintana

Camiño do Caracol

O nome do *caracol* aplícase con frecuencia, por analogía coas formas da cuncha do animal do mesmo nome, a diversas realidades que teñen a forma espiral. Neste caso, sen embargo, segundo a tradición oral, a denominación deste camiño débese ó nome dun individuo coñecido como *O Caracol*, propietario dun eido no cabo do camiño. Trátase, polo tanto, dun novo exemplo de topónimo constituído por un nome persoal, neste caso un alcume ou sobrenome.

Debe de tratarse dun topónimo relativamente recente. Non figura en 1752 no Catastro de Ensenada.

As Cortes

Corte é unha palabra común galega, procedente do latín COHORTE, que acabou designando principalmente cercados ou construcións para gardar o gando. Segundo a tradición oral local, recibe esta paraxe o nome de *As Cortes* porque se corresponde co camiño que conducía ás cortes onde se gardaba o gando que andaba no monte.

No Catastro de Ensenada figura como “*sitio de las Cortes*” e “*sitio do Campo das Cortes*”.

O nomenclátor de Galicia recolle dezaseis entidades de poboación chamadas *Cortes* ou *As Cortes*, ademais doutras moitas que conteñen no seu nome compostos ou derivados desta mesma palabra.

A Corte Vella

É un topónimo estreitamente vinculado co anterior, e designa o lugar onde comezan as referidas *Cortes*. Polo adxectivo *vella* podemos supoñer que fai referencia á máis antiga das cortes construídas na zona. O Catastro de Ensenada rexistra terras de labradío, horta e parra “*al sitio de la Corte Vieja*”.

A Aldea

Aldea é unha palabra común do galego que designa un pequeno núcleo de poboación. É unha palabra de orixe árabe, polo que o máis probable é que chegase ó galego,

onde se usa desde a Idade Media, procedente do castelán ou do portugués. Ten moita presenza na nosa toponimia: o nomenclátor de Galicia recolle máis dun cento de entidades de poboación chamadas *Aldea* ou *A Aldea*.

No Catastro de Ensenada figura como “*sitio da Aldea*”.

Poza da Aldea

O nome galego *poza* é unha forma feminina de *pozo* (do latín PUTEU), e aplícase a lugares onde hai auga detida ou, en correntes fluviais, remansada. Tamén pode designar represas ou estanques construídos polo home para reter neles a auga, nos máis dos casos destinada a regar. Nalgunhas áreas de Galicia denominábase comunmente *poza* ou *puza* o lugar onde se metía o cânamo ou o liño na auga para que amolecesen, o que noutras zonas se chama *balsa*, *laga*, *corgo*, etc. Como na parroquia de Reboreda o liño era tradicionalmente un dos principais produtos agrícolas, segundo informa o Diccionario de Madoz, non podemos saber se a *poza* á que alude este topónimo foi destinada orixinariamente a ese uso ou era unha *poza* de rego compartida pola comunidade da Aldea.

No Catastro de Ensenada aparece como “*sitio da Poza*”.

Os Laranxos

O topónimo *Os Laranxos* fai referencia, segundo a tradición oral local, á existencia de laranxeiras (a árbore das laranxas) no lugar. No mencionado *Diccionario* de Madoz, do ano 1845, no apartado relativo á produción agrícola de Reboreda menciónanse explicitamente esta froita, pois indícase que a parroquia produce millo, trigo, centeo, viño, legumes, liño e froitas, “*sin excluír limón y naranja*”. O nomenclátor de Galicia recolle dúas entidades de poboación chamadas *Os Laranxos* nos concellos de Arteixo e Santiago.

No Catastro de Ensenada figura este lugar con distintas formas escritas: “*sitio dos Laranxos*”, “*sitio de los Laranjos*”, “*sitio dos Naranxos*”, “*sitio de los Naranjos*”

Camiño da Cavadiña

Xa dixemos, ó tratar do topónimo *As Cavadas*, que recibían esa denominación as terras gañadas ó monte e, unha vez *cavadas* e roturadas, dispostas para o cultivo. A *Cava-*



Capela de Santo Paíño, patrono de Santo Paio de Arriba

diña a que se refire o nome do *Camiño da Cavadiña* son na actualidade as devesas que hai á beira do camiño, que no seu día (hai séculos) foron cavadas para axeitalas ó cultivo agrícola.

No Catastro de Ensenada (1745) figura como “*sitio da Cavadiña*”.

A Boca do Valo

Valo é a palabra galega correspondente ó latín VALLU ‘muro, valado’, e a súa presenza na toponimia alude á existencia de muros de pedra. O nomenclátor de Galicia recolle unha ducia de topónimos nos que está presente esta palabra (entre eles, o lugar chamado *Os Valos* do concello de Redondela). O substantivo *boca*, na toponimia designa aberturas ou entradas, e neste caso fará referencia a unha porta ou cancela no mencionado muro ou valo. No Catastro de Ensenada figura este lugar como “*sitio da Boca do Valo*”.

Camiño do Santo

O topónimo “O Santo” fai referencia ó *Santo Paio*, *San Paio* ou *Santo Paíño* venerado na capela á que xa fixemos referencia. No Catastro de Ensenada figuran os topónimos “*sitio do Santo*” e “*sitio da Fonte do Santo*”, este último correspondente á fonte coñecida na actualidade con ese mesmo nome.

Camiño do Regueiro do Porto

Regueiro é un nome común galego que designa pequenas correntes de auga. *Porto*, ademais do significado que ten no litoral mariño, designa tanto pasos de montaña (*portos secos*, *portas* ou *portelas*) coma lugares por onde o camiño atravesaba unha corrente de auga (*portos mollados* ou *portos de río*) mediante pasais ou pontes. O Catastro de Ensenada rexistra na parroquia de Reboreda os topónimos *O Porto*, *Porto de Bois*, *Porto do Medio* e outros semellantes. Dalgún deses *portos* debeu de tomar o seu nome o *Regueiro do Porto*, noutros tramos do seu curso coñecido como *Río de San*. E deste afluente do río Alvedosa toma o seu nome este lugar, que no Catastro de Ensenada aparece como “*sitio do Regueiro*”.



Interior da Capela de Santo Paño, no lugar do Santo

Bolchamade

Bolchamade é unha alteración dun antigo *Valchamade*, palabra composta que contén un primeiro elemento *Val-*, alusivo á orografía ou relevo do terreo. O segundo elemento resulta máis escuro, e a xeito de hipótese cabe supoñer que podería corresponder ó nome latino CLAMATUS, que tivo uso como nome de persoa entre os cristiáns dos primeiros séculos. A orixe do topónimo sería así o latín VALLE CLAMATI, e consituiría un paralelo doutros topónimos da parroquia formados a partir do xenitivo de nome persoal (*Asnelle, Con-tixe, Torrade, Novelle*, etc.).

Tamén debemos considerar a posibilidade de que o segundo elemento deste topónimo conteña un derivado do latín FLAMMA ‘chama’, coma noutros topónimos *Chamoso, Chamosiños*, etc. Na Idade Media usábase con frecuencia o lume para facer arder áreas de monte coa intención de dedicalas a labradío (de aí topónimos como *As Queimadas, Queimadelos, Cernada* < CINERATA, etc.). Neste caso teríamos que pensar que *Valchamade* sería unha alteración dun primitivo *Valchamada*. En calquera caso, no Catastro de Ensenada xa aparece como “*sitio de Balchamade*”.

A Casanova

O nomenclátor de Galicia recolle máis de cento cincuenta entidades de poboación chamadas *Casanova* ou *A Casanova*. Como o propio nome indica, teñen orixe nunha primeira casa construída no lugar, que era nova no momento en que quedou fixado o topónimo. Co paso do tempo, e a construción de novas vivendas, o topónimo que en orixe designaba unha soa casa pasou a designar todo lugar. No Catastro de Ensenada (1752) este lugar figura como “*sitio da Casanova*” ou “*da Casanoba*”.

A Peroxa, O Regueiro da Peroxa

No nomenclátor de Galicia figuran doce entidades de poboación chamadas *Peroxa* ou *A Peroxa*, ademais do concello ourensán do mesmo nome. Na toponimia menor, *A Peroxa* é un nome relativamente común, e designa en tódolos casos lugares pedregosos, o que confirma que se trata dun derivado do latín PETRA ‘pedra’. Segundo Elixio Rivas Quintas (na súa *Toponimia de Marín*), *peroxa* equivale a *pedrosa*, e corresponde ó adxectivo latino PETROSA. A alteración do sufixo *-osa* en *-oxa* non é insólita na toponimia destas áreas

pontevedresas (pénsese en exemplos como *Moscoxo*, *Ventoxo*, correspondentes a formas orixinarias *Moscoso*, *Ventoso*), e o paso de *pedr-* a *per-* é idéntico ó que se produciu, por exemplo, no apelido *Perez*, patronímico de *Pedro*.

Non figuran estes topónimos no Catastro de Ensenada.

O Río de San

O nome do *Río de San* é un dos topónimos “escuros” da parroquia de Reboreda. Hai douscentos cincuenta anos xa non resultaba transparente, e no Catastro de Ensenada, ó lado da grafía maioritaria de “*sitio do Río de San*” atopamos outras variantes como “*Río de Sá*” e “*Río de Sande*”, que probablemente obedecen ó intento de atoparlle unha explicación a un topónimo insólito.

Camiño da Casanova

Coma outros camiños, forma o seu nome a partir do do lugar ó que conduce, neste caso ó lugar chamado *A Casanova*, ó que nos referimos antes.

A Pigarreira

No diccionario galego de Eladio Rodríguez (1958-61) figura o adxectivo *pego*, *pega* co significado de ‘manchado’, aplicado á ave ou ó animal que teñen plumaxe ou pelaxe branca e negra. Tamén se aplica este adxectivo a realidades que non son necesariamente do reino animal, e así recibe o nome de *milllo pego* o milllo que presenta unha coloración a pintas nos seus grans, tamén chamado *milllo pigarado* (diccionario de Valladares, 1893-1901). *Pigarado* e *pegarado* veñen definidos como ‘que ten manchas ou pintas de diferentes cores. Por exemplo a plumaxe dalgunhas aves e especialmente certo milllo serodio...’ (Valladares, id.). *Pígara* é a galiña de plumaxe semellante á perdiz (Eladio Rodríguez), e *pígaro* quere dicir ‘xaspeado, a pintas’ (Filgueira, 1926), ‘xaspeado, veteado, salpicado de pintas coma as fabas de diferentes cores’ (Eladio Rodríguez). *Pigarza* é unha variedade de pera con pintas na monda, chamada en castelán *pera de colmenar* e da que se di que é resultado da unión das variedades *bergamota* e *bon-cristián* (Cuveiro, 1876; Valladares 1884). *Pigarro* é un dos nomes galegos dun paxaro chamado en castelán *gayo* (Eladio Rodríguez) ou *grajo* (Carré,

1972). Se cadra tamén teñen relación coas anteriores a palabra *pega* (do latín *PICA*), nome usual dunha ave común, precisamente caracterizada pola súa cor branca e negra, e aínda o adxectivo español *abigarrado* e o francés *bigarré*...

En tódalas palabras galegas mencionadas atopamos unha raíz *peg-* ou *pig-*, ás veces seguida da secuencia *-ar-* (*pigar-*) e un significado relativo a manchas ou pintas de cor. Parece probable que o topónimo *A Pigarreira* teña relación con estas palabras, pero non podemos saber en cál dos seus significados, ou sexa, se alude á presenza no lugar dalgún tipo de aves, se se refire a pedras con coloración “apigarada” ou se alude a terreos con pequenas manchas de cor debido á fragmentación dos cultivos e a variedade da vexetación.

No Catastro de Ensenada figura como “*sitio da Pegarreira*”, “*sitio da Pigareira*”, “*sitio da Pigarreira*”.

O Loureiro

O lugar chamado *O Loureiro* toma o seu nome da árbore así chamada. Trátase dun nome con moita presenza na toponimia. O nomenclátor de Galicia recolle máis dun cento de entidades de poboación chamadas (*O*) *Loureiro* ou (*Os*) *Loueiros*, e son igualmente frecuentes os derivados *Loural*, *Loueirial*, *Louredo*, *Lourido*, etc.

Este lugar aparece no Catastro de Ensenada co nome de “*sitio do Loureiro*”.

A QUINTANA

Aínda que en orixe era un derivado do numeral latino *QUINTUS*, o latín medieval *QUINTANA* pasou a designar un espacio público, cercado ou delimitado formando unha especie de praza, ou, máis comunmente, a parte do adro situada diante da porta da igrexa.

O resultado común en galego do latín *QUINTANA* é *quintá* no galego central e oriental e *quintán* no galego occidental, e o nomenclátor de Galicia recolle cerca dun cento de entidades de poboación chamadas *Quintá*, *Quintán*, *Quintás* ou *Quintáns*, e máis de cincuenta *Quintela* ou *Quintenla*, que corresponden ó diminutivo latino *QUINTANELLA*. A forma *Quintana*,

coa conservación do sufixo latino *-ana* sen evolucionar a *-án* ou *-á* pode ser considerada un cultismo latinizante ou ben un castelanismo. O topónimo de Reboreda *A Quintana* é o único dos recollidos no nomenclátor que presenta esta forma, aínda que son ben coñecidos os topónimos urbanos de Santiago de Compostela *Quintana de Vivos* e *Quintana de Mortos*, no exterior da catedral, nos que tamén se conservou a terminación *-ana*, sexa por castelanismo ou sexa por influencia do latín eclesiástico.

A forma antiga, tradicional e popular deste topónimo de Reboreda era *A Quintán*, e seguía sendo no século XVIII, pois así figura no Catastro de Ensenada ("*sitio da Quintán*"), aínda que neste mesmo catastro xa é maioritaria a forma latinizante ou castelanizante *Quintana* ("*sitio da Quintana*", "*sitio de la Quintana*"), que acabaría por impoñerse.

Prado do Carballo das Cen Pólas

Como o propio nome de *Reboreda* indica, os carballos constituíron tradicionalmente un elemento significativo da flora da parroquia. O nome deste prado alude ó célebre exemplar de carballo situado nel, singularizado pola súa corpulencia (de aí a referencia ás cen pólas) e mais pola función social que desempeñou tradicionalmente na vida comunitaria. Despois dun período de abandono, este exemplar de *Quercus robur* recuperou felizmente a súa dimensión significativa na vida social da parroquia.

Camiño da area

Area é a palabra galega resultante do latín *ARENA*. A súa presenza na toponimia alude a terreos areosos, e na toponimia do litoral, *area* e o seu derivado *areal* son os nomes tradicionais de *praia*.

O topónimo fai referencia á constitución do terreo. Por ser o lugar onde se acumulaba a area arrastrada polas augas pluviais que baixan da Garonda, de alí extraíase area para a construción. Non figura este topónimo no Catastro de Ensenada.

Camiño da Garonda

Este topónimo, o mesmo có seguinte, que contén unha forma do plural, constitúen outra das curiosidades da toponimia da parroquia.



Perspectiva do Carballo das Cen Pólas, agora sen vida

Trátase moi probablemente dunha palabra de orixe prerromana. Noutras áreas europeas existen nomes de lugar que presentan un radical GAR- que serve para designar lugares pedregosos ou desniveis pronunciados no terreo. Pénsese, por exemplo, no nome do río francés que pasa por Toulouse e Bordeos, chamado *La Garonne* ou *La Gironde* (*Garonde* é o nome que lle dan os ingleses), que nos documentos latinos aparece como GARUNNA e GARUNDA e para o cal os estudiosos propoñen unha orixe prerromana relacionada coa mencionada raíz GAR-.

Localizamos outro topónimo *Garonda* na localidade de Lluçmajor, na illa de Mallorca, onde designa un lugar situado sobre un pronunciado desnivel, e tamén un topónimo menor *Vila Garonda*, no lugar de Monte Gordo, no Algarve portugués, que dá nome a unha zona que presenta as mesmas características. En Italia tamén existe o topónimo *Valle Garonda*. Con estes nomes debemos relacionar este topónimo de Reboreda, que se localiza tamén nunha área próxima a un pronunciado desnivel no terreo.

Trátase dun nome insólito na toponimia de Galicia, pois non figura no nomenclátor ningún outro topónimo que conteña formas emparentadas con esta.

En 1752, no Catastro de Ensenada, este topónimo aparece maioritariamente rexistrado como “*sitio da Garonda*”.

As Garondas

Como sucede noutros topónimos da zona (por exemplo *A Cabirta* e *As Cabirtas*), conviven na fala unha denominación co singular e outra co plural. A forma orixinal do topónimo é sen dúbida a do singular, pero a existencia de diferentes partes no mesmo acabou xerando esta denominación en plural. Así, no Catastro de Ensenada rexístrase *A Garonda de Arriba* e *A Garonda de Abaixo*, e probablemente son estas dúas partes xuntas as que forman o topónimo plural *As Garondas*. Aínda que a forma maioritaria que aparece nese catastro é a de “*sitio da Garonda*”, tamén aparece esporadicamente o plural: “*sitio das Garondas*”.

O Aveal

O nome do lugar chamado *O Aveal* (latín AVENALE) contén un derivado colectivo do substantivo *avea*, e designou en orixe un lugar onde se cultivaba este cereal. A *avea*



Vista da igrexa parroquial dende O Azeal

destinábase á mantenza do gando e tamén para o consumo humano, pois segundo o refrán popular, *o que ten avea non pasa sen cea*. O gran secábase no forno e móíase despois para obter unha fariña coa que se facían as *papas de avea*, que soían dárselles ós enfermos por seren moi nutritivas.

O nome deste lugar rexístrase comunmente na fala coa pronuncia de *O Avial* na actualidade, pero a forma tradicional era *O Aveal*, e así figura no Catastro de Ensenada como "*sitio do Aveal*", aínda que tamén aparece con outras grafías alternativas, como *O Obial*, *O Avial*, *O Abehal* e *O Abeal*.

O nomenclátor de Galicia recolle tres localidades chamadas *Aveal* e unha coa forma do plural, *Aveás*, ademais doutras cinco que conteñen a mesma raíz pero co sufixo *-eira* (*Aveira* ou *Avieira*), e todas aluden ó cultivo desta gramínea.

O Toureiro

Aínda que aparentemente garda relación co nome dos *toros*, non cremos que este topónimo teña nada que ver con este animais. O diccionario galego-castelán de M. Valladares (1884) recolle unha denominación *herba toura* para designar diversas especies de herbas bravas que medran no monte. Nalgúñas áreas de Galicia denomínase *tourón* a terra endurecida e difícil de labrar, e aplícase o adxectivo *toureiro* a terreos bravos ou de orografía moi irregular. O filólogo Elixio Rivas Quintas, no seu estudio titulado *Lingua galega, niveis primitivos*, asocia a unha raíz prerromana *TOR- os nomes de lugares galegos *Tourón*, *Toralla*, *Toro* e outros semellantes, e considerara que o significado desa raíz sería o de 'monte' ou 'lugar pedregoso'. Dado que o lugar coñecido como *O Toureiro* era un camiño en costa e moi pedregoso, é moi probable que o topónimo estea emparentado con esa raíz prerromana.

Aparece no Catastro de Ensenada co nome de "*sitio do Toureiro*", caracterizado nesa época pola presenza de propiedades de monte de segunda e terceira calidade.

Eiras Vellas

O galego común *eira*, que designa un espacio aberto, próximo ás vivendas e no cal se realizaban determinados labores agrícolas, procede do latín *AREA*. Ten moita presen-

cia na toponimia de Galicia (en parte de Lugo e Ourense coa variante *aira*). O adxectivo *Vellas* do topónimo *Eiras Vellas* debeu de aplicarse cando as eiras en cuestión deixaron de cumprir-la súa función tradicional ou cando foron substituídas por outra ou outras eiras novas.

No Catastro de Ensenada aparece maioritariamente en singular, coa denominación de “*sitio da Eira Vella*”.

Os Cereixos

Este topónimo debe a súa orixe á presenza de exemplares de cerdeira ou cereixeira no lugar. Fronte ós derivados *Cerdeira*, *Cerdal*, *Cerdedo*, *Cerdeda*, etc., moi abundantes na toponimia de Galicia, a forma *Cereixo* é relativamente infrecuente. No nomenclátor recóllese *Cereixo* como nome de dúas parroquias, unha no concello coruñés de Vimianzo e outra no pontevedrés da Estrada.

No Catastro de Ensenada figura este lugar coa denominación de “*sitio dos Cereixos*”. Dado que na onomástica da zona figura o apelido *Cereixo* (Cereiyo), temos que admiti-la posibilidade de que o nome do lugar proceda do apelido, aínda que este apelido, en última instancia, tamén procedería dun lugar caracterizado pola presenza desa árbore froiteira.

A Pereira, Camiño da Pereira

Como sucede habitualmente, o nome do Camiño da Pereira procede do nome do lugar polo que transcorre ou que ten como destino, que aquí é o lugar chamado *A Pereira*. Este topónimo semella facer referencia a árbores froiteiras, aínda que non temos documentación medieval que nos permita garantilo, pois se ben comunmente *Pereira* é resultado do latín *PIRARIA* (a árbore que dá as peras), en ocasións corresponde a un latín *PETRARIA* (derivado de *PETRA*, ‘pedra’, con perda do -D-, coma no nome persoal procedente de *PETRUS*, *Pedro*, que tiña unha variante medieval sen -D-, *Pero*, da cal deriva o apelido *Pérez*, patronímico de *Pedro*).

No Catastro de Ensenada figura este lugar co nome de “*sitio da Pereira*”. O nomenclátor de Galicia recolle máis de setenta entidades de poboación denominadas *Pereira* ou *A Pereira*. Na toponimia portuguesa esta forma é igualmente moi abundante.

Fonte de Saavedra

Segundo a tradición oral, o topónimo con que se denomina a fonte procede do do seu antigo propietario, apelidado Saavedra. Este apelido galego ten, á súa vez, orixe toponímica, pois indica o lugar de procedencia orixinaria dos individuos que o levan. O nomenclátor de Galicia recolle unha parroquia chamada Saavedra no concello lugués de Begonte e unha aldea no ourensán do Irixo. *Saavedra* é un topónimo composto polo substantivo *sá* ou *saa* (do xermánico SALA, que significaba ‘vivenda, estancia, construción’) e o adxectivo *vedra* (do latín VETERA, ‘vella, antiga’).

Non figura este topónimo no Catastro de Ensenada, aínda que si se recolle o apelido Saavedra entre os individuos que naquela época (1752) tiñan propiedades na parroquia.

Fonte do Abade

Toma o seu nome dunha fonte que se atopa hoxe no campo ou *torreiro* da festa. A referencia que fai ó *abade* no seu nome alude probablemente ó feito de que pertencía ás propiedades da igrexa parroquial.

Abade procede do latín *abbas*, *abbatis*, e designaba en orixe o superior dunha abadía ou convento, pero en galego pasou a ser sinónimo de *cura*, *crego* ou *párroco* como denominación común do sacerdote encargado dunha parroquia.

Na toponimia de Galicia son numerosos os lugares que conteñen este substantivo no seu nome: *Cotobade*, *Chan do Abade*, *Casal do Abade*, *Vilar do Abade*, etc.

Camiño do Tarrastal

O primeiro diccionario galego, o de Francisco Xavier Rodríguez (1863), recolle o substantivo *tarrastal*, e defíneo como “bravadío”. No diccionario de Cuveiro (1876) figura *tarrastal* como sinónimo de *braval*, e Eladio Rodríguez (1858-61) define esta palabra como “*Sitio cerrado en donde se crían arcos de madera para pipas, o renuevos de castaños sin inertar, cortados á raíz de tierra*”. Trátase dun aproveitamento agrícola ou forestal característico das zonas de produción vinícola, pois coa madeira extraída destes lugares se construían as pipas e as cubas para o viño.



Torreiro da festa, onde se atopa a Fonte do Abade

Non figura este topónimo na información recollida no Catastro de Ensenada para a parroquia de Reboreda, pero si rexistramos una variante *terrestal* como palabra común empregada para denominar ese tipo de terreos. Así, por exemplo, entre as propiedades dun individuo figuran 48 ferrados de terra de diversas clases: “*uno de terrestrel, diez de monte, uno de hortaliza de segunda y tercera calidad por mitad y treinta y seis ferrados de dehesa de primera al sitio de Balchamade*”. Neste catastro, na parte introductoria ou “Interrogatorio general” onde se describen os diferentes aproveitamentos agrícolas da parroquia de Reboreda, explícase esta clase de terreo como “*terrestal que produce varas o arcos para pipas*”.

Non figura no nomenclátor de Galicia ningunha entidade de poboación con este nome, pero en Portugal existen dúas localidades chamadas *Tarrastal* e unha *Terrastal*. Cun sufixo diferente atopamos *Tarrasteira* como nome dunha entidade de poboación do concello de Tomiño.

Fonte do Souto

Xa fixemos referencia ós topónimos *Souto* e derivados, que aluden ó aproveitamento dos castiñeiros e os seus froitos. No Catastro de Ensenada atopamos referencias a unha “*Fonte do Cocho do Souto*”, pero non sabemos se se trata deste mesmo lugar. A fonte toma o seu nome do topónimo seguinte.

O Souto

Ó tratar do topónimo *O Camiño do Souto* xa nos ocupamos do significado das denominacións *Souto* ou *O Souto*, tan estendidas pola xeografía galega, e mais á importancia das castañas na alimentación tradicional anterior á chegada das patacas de América. O nomenclátor de Galicia recolle cerca de trescentas entidades de poboación que conteñen o nome *Souto* ou os seus derivados (*Soutelo, Soutiño, Soutullo...*) ou compostos (*Souto-grande, Soutochán, Soutolongo, Souto do Bispo, Soutomaior...*).

Este lugar figura no Catastro de Ensenada como “*sitio do Souto*”. Na mesma época (1752) atopamos frecuentemente o apelido *Do Souto* no nome de veciños e propietarios na parroquia de Reboreda. Nalgúns casos este apelido aparece hoxe castelanizado como *Soto*.

A Encrucillada

Véxase o dito para outro topónimo idéntico máis arriba.

Camiño da Quintana

Véxase o que dixemos para o topónimo *A Quintana*. No Catastro de Ensenada atopamos referencia a uns terreos “*de labradío secano en el camino da Quintán*”, que probablemente corresponden a este lugar.

A Chan da Quintana

Xa dixemos que “A Chan” (do latín *PLANA*) é denominación común en toda a área suroccidental de Galicia para designar unha pequena chaira situada en lugares elevados ós que se accede por pendentes máis ou menos pronunciadas. Tamén quedaron comentados arriba o significado, orixe e a forma tradicional (*A Quintán*) do topónimo *A Quintana*.

O Catastro de Ensenada recolle na toponimia de Reboreda diversos topónimos que conteñen o substantivo feminino *chan*: “*As Chans*”, “*Viña da Chan*”, “*A Chan do Rial*”, etc. A actual *Chan da Quintana* figura nese catastro co nome simple de “*sitio da Chan*”.

Costa da Anuca

“A Nuca” ou “A Anuca” parece ser un nome persoal feminino. A terminación en *-uco*, *-uca* é usual en hipocorísticos ou nomes familiares derivados de nomes de pía, como *Fuco* e *Farruco* (de *Francisco*), *Chiruca* (de *Mercedes*), *Andruco* (de *Andrés*), *Miruco* (de *Ramiro*), etc. Segundo o *Diccionario dos nomes galegos* coordinado por X. Ferro Ribal, *Nuco* é un hipocorístico de *Celestino* (a partir dun derivado **Celestinuco* > *Nuco*), pero en xeral calquera nome persoal rematado en *-ino* ou *-ina* ou aínda en *-no*, *-na*, pode dar lugar a un hipocorístico *Nuco*, *Nuca*. Así pois, o topónimo *Costa de Anuca*, *Costa da Anuca* ou *Costa da Nuca* ha de facer referencia a unha muller que habitaba no lugar ou tiña propiedades nel. Podería tratarse dun topónimo relativamente recente, pois non figura no Catastro de Ensenada.

Cruceiro de Anuca

Véxase o que dixemos no topónimo precedente.

Torrade

Coma outros topónimos da parroquia que presentan unha terminación en *-e* (*Bolchamade, Contixe, Novelle, Asnelle...*) semella procedente da forma de xenitivo dun nome de persoa, que neste caso sería o nome *Torrado* (latín **TORRATUS*). Este nome foi en orixe o participio do verbo *torrar* ‘queimar’, e empregouse tradicionalmente como alcume ou sobrenome aplicado a individuos, probablemente co significado de “moreno” ou “escuro de pel”. Cortesão, no *Onomástico medieval portugués*, rexistra este nome *Torrado* como sobrenome persoal na Idade Media. Na actualidade existe *Torrado* como apelido.

No Catastro de Ensenada figura este lugar co nome de “*sitio de Torrade*”, e o tramo do río próximo a el recibe a denominación de “*Río de Torrade*”, onde se atopaban uns muíños igualmente coñecidos como “*Muíños de Torrade*”.

Cristo de Arriba e Cristo de Abaixo

A denominación de “Cristo” para os cruceiros que representan a crucifixión, coa figura de Cristo, é común en todo o territorio galego. Estes dous son dous cruceiros que se atopan un pouco máis arriba e un pouco máis abaixo da igrexa, de aí a denominación de *de Arriba* e *de Abaixo*.

A Rabadeira

Fr. José S. Crespo Pozo, no traballo titulado “Interpretación de algunos curiosos topónimos de Redondela y de sus municipios”, publicado na revista *Grial* (nº 29, Vigo 1970, pp. 342), estudia este topónimo (el escribe todo xunto *Arrabadeira*) e interprétao como un derivado de *arrabade*, variante antiga de *arrabaldo* ou *arrabalde*, polo que conclúe que “*Arrabadeira significa, pues, lo que es y hace siglos que viene siendo, “arrabal” de Redondela*”. Segundo o mesmo autor, este topónimo de Reboreda estaría emparentado con outros topónimos semellantes espallados pola xeografía peninsular. En Galicia terían



Cristo de Arriba, datado en 1770

esta mesma orixe *Rabada* (no concello lugués de Cospeito), *Rabadán* (en Cedeira, A Coruña), *Rabadáns* (en Salvaterra), *Rábade* (no concello do mesmo nome, en Lugo) e *O Rabadeiro* (en Ribadumia).

Aínda que non rexeitamos abertamente a hipótese do padre Crespo, debemos considerar que existen outros topónimos idénticos (5 lugares chamados *Rabadeira* ou *A Rabadeira* nos concellos de Cerceda, Coristanco, Oleiros, Nigrán e Vigo, 2 coa forma plural *Rabadeiras* nos de Forcarei e Pontareas e o mencionado *Rabadeiro* do concello de Ribadumia) para os que non sempre se dan as circunstancias de estaren no arrabaldes doutra entidade de poboación (o de Forcarei, por exemplo, atópase a distancia considerable doutros núcleos). Podería tratarse desta palabra de orixe árabe, pero o significado sería equivalente ó de *aldea* (que tamén ten orixe árabe) ou núcleo de poboación en xeral. Debemos considerar, sen embargo, que todos estes topónimos se localizan na beira dun regueiro ou dun río, polo que cabería pensar que se trata de topónimos emparentados con *Riba*, *Ribeira* e *Ribada*. Se é así, a forma orixinaria sería probablemente **Ribadeira*. Un topónimo semellante, localizado na provincia de Ourense, aparece documentado como *Pena Rabadeyra* no século XV².

No Catastro de Ensenada, este lugar de Reboreda figura como “*sitio da Rabadeira*” ou “*sitio da Ravadeira*”, e o tramo do río máis próximo a el reciben tamén o nome de “*río da Rabadeira*”.

O Cano de Pedra

O topónimo orixinouse da existencia dunha canalización da auga do río empregada para regadío das terras de cultivo desa zona. Parte desa canalización, que permanecía soterrada, apareceu cando se realizaron as obras da estrada de Redondela a Pazos de Borbén.

Debe de tratarse dun topónimo recente, pois non figura no Catastro de Ensenada.

A Chan de Outeiro

Para o primeiro elemento, “A Chan”, véxase o que dixemos dos topónimos *As Chans* ou *A Chan da Quintana*. *Outeiro* é un orotopónimo, é dicir, fai referencia á orografía. É unha palabra común galega, procedente do latín *ALTARIU*, que designa pequenos

2) FERRO COUSELO, *A vida e a fala dos devanceiros*, I, Galaxia, Vigo, 1967, doc. n° 82, páx. 141.

montes ou elevacións no terreo. É un topónimo moi abundante na toponimia galega. O nomenclátor recolle máis dun cento de localidades con este nome espalladas por todo o territorio de Galicia.

Non figura este topónimo no Catastro de Ensenada, pero podemos identificalo co lugar denominado “*sitio da Chan*” próximo ó “*sitio do Outeiro*”.

No vecindario da parroquia de Reboreda na época do mencionado catastro era relativamente frecuente o apelido “do Outeiro”, que hoxe aparece castelanizado como *Otero*.

Camiño Fondo

Xa comentamos outro topónimo idéntico en Santo Paio de Abaixo. O adxectivo *fondo* fai referencia a unha congostra ou camiño que discorre por un terreo máis baixo cás terras que ten á súa beira.

O Candón

O substantivo galego *cando* e o asturiano e leonés *cándano* significan ‘póla seca de árbore, árbore seca’, ‘vara para alumar’, ‘pao queimado’, ‘guizo, chamizo’, etc. Trátase dunha palabra formada sobre a raíz CAND-, e ten presenza na toponimia galega para dar nome a zonas elevadas ou de monte, que probablemente toman o seu nome en referencia a lugares onde se aproveitaba materia vexetal para combustible ou iluminación. Algúns filólogos relacionan este substantivo *cando* e os seus derivados co verbo latino CANDERE ‘arder’; outros atribúenlle unha orixe prerromana, anterior á chegada do latín.

Este topónimo figura no Catastro de Ensenada como “*sitio do Candón*”. Outro topónimo posiblemente emparentado con este na súa orixe e significado é *A Candea*, que tamén aparece recollido no mencionado catastro co nome de “*sitio da Candea*”. Como é sabido, *candea* é un dos nomes que recibe a flor do castiñeiro, que tamén foi usada tradicionalmente como combustible. O diccionario galego de Carré (4ª ed., 1972) recolle un significado de *cando* como “*retoño grande del castaño*”.

O nomenclátor de Galicia recolle un topónimo idéntico, *O Candón*, como nome dunha aldea na parroquia de Taboexa, no concello pontevedrés das Neves.

Poza do Monico

Xa fixemos referencia ó significado do substantivo *poza* na toponimia ó tratar do lugar chamado *Poza da Aldea*. Neste caso este nome vai acompañado dunha determinación na que está presente o substantivo *monico*. Esta é tamén unha palabra común galega que designa un tipo de recipiente, tamén chamado *moñico*, que o dicionario de Carré (4ª ed., 1972) define como “*Cesto usado para transporte de tierra, sal, carbón, etc., cuando se efectúa por una cadena de hombres o mujeres a hombros o sobre la cabeza*”. Tamén aparece como *moñico* no dicionario de Eladio Rodríguez (1958-61), que o define como “*Cesto pequeño y manual, de tiras de madera, en el que se transporta el guijo de las carreteras*”. Na fala da zona son formas vivas na actualidade *monico*, *munico* e *muñico* como denominacións dun tipo de recipientes empregados habitualmente na vendima.

Non figura este topónimo no Catastro de Ensenada, polo que podemos supor que se trata dunha denominación relativamente recente.

ASNELLE DE ABAIXO

Coma outros topónimos da parroquia (*Torrade, Novelle, Balchamade*, etc.), *Asnelle* deriva da forma de xenitivo dun nome persoal dun antigo fundador ou propietario do lugar, neste caso un individuo que levaba un nome correspondente a *ASINELLUS*, nome latino que contén á súa vez un derivado de *ASINUS* ‘asno’. Coma outros nomes de persoa formados por diminutivos de nomes de animais (*Baccorinus, Cervinus, Ursula, Leporellus, Porcellus*, etc., e tamén *Lupellus*, do que falamos ó tratarmos do topónimo *Novelle*), *Asinellus* foi un nome persoal relativamente común entre os cristiáns dos primeiros séculos da nosa era, polo que podemos supor que *Asnelle* é un topónimo moi antigo.

Pousadouro

Xa fixemos referencia a este topónimo ó falar do chamado *Camiño do Pousadouro*. Contén a palabra galega correspondente ó latín *PAUSATORIUM*, derivado do verbo *PAUSARE* e do nome *PAUSA*, e polo tanto emparentado cos verbos *pousar* e *repousar*.

O nomenclátor de Galicia recolle 16 entidades de poboación chamadas *Pousadoiro* ou *O Pousadoiro* repartidas polas catro provincias, e son moi numerosos os topónimos menores en que está presente esa forma ou a súa variante *Pousadouro*. En tódolos casos este nome designa unha parte dun camiño, e corresponde a espazos máis ou menos chairos en medio dunha costa ou ó final dela, nos cales se pode facer un alto ou un descanso. En ocasións nos lugares así chamados había algún tipo de *pousa* ou *pousada*. Trátase, polo tanto, dun topónimo viario (relativo ós camiños) e ó mesmo tempo orográfico (que fai referencia ó relevo do terreo). O lugar de *Pousadouro* atópase na Vía Portuguesa do Camiño de Santiago, e posiblemente contaba desde antigo cunha casa de postas para as cabalerías e unha pousada para repouso dos viaxeiros.

O padre Crespo, no traballo mencionado máis arriba, e considerando a existencia do cemiterio próximo a este lugar de Reboreda, cre que entre os significados de *pousadoiro* e *pousadouro* está tamén o de “cemiterio”, pero esa circunstancia só se dá neste topónimo de Reboreda e non nos outros espallados polo territorio galego, que en cambio se localizan sempre no alto dunha costa en medio dun camiño.

A terminación *-ouro* presente neste topónimo concreto de Reboreda é característica do galego da diocese tudense (como sucede, por exemplo, coa forma *Corredoura*, en lugar de *Corredoira*, que é a forma habitual no resto de Galicia). No catastro de Ensenada figura como “*sitio de Pousadouro*”, “*sitio do Pousadouro*”, “*sitio de Pousadoiro*”.

Cristo de Pousadouro

O topónimo fai referencia a un “cristo” ou cruceiro localizado no lugar de Pousadoiro. No Catastro de Ensenada rexistrase un lugar chamado *A Cruz de Pousadoiro*, pero non temos certeza de que se refira a este mesmo cruceiro, aínda que é moi probable que sexa así, se non referido ó cruceiro actual, si a outra cruz situada antigamente no mesmo lugar.

O Carrascal

En galego reciben o nome de *carrasco* e *carrasca* varias especies botánicas tradicionalmente aproveitadas como combustible, semellantes á carpaza, a carqueixa e outras plantas características dos terreos de monte baixo. En castelán, en cambio,



Pazo de Pousadouro, fundado no século XVIII.

carrasco é unha variedade de enciñeira, pero ese significado non ten presenza na toponimia de Galicia.

Do nome común galego *carrasco* ou *carrasca* procede o topónimo *O Carrascal*, derivado colectivo que designaría orixinariamente terreos de monte baixo onde abundaban esas especies vexetais aproveitadas como combustible para prender lume nos fornos e nas casas.

O nomenclátor de Galicia recolle tres entidades de poboación chamadas *O Carrascal*, dúas no concello de Salvaterra e outra na do Rosal. A mesma forma, pero en plural, dá nome á aldea chamada *Carrascás*, no concello de Pontearreas. Outros nomes da mesma familia que teñen presenza na toponimia maior de Galicia son *A Carrasca* (en Nigrán), *Carrasquedo de Arriba* e *Carrasquedo de Abaixo* (en Gondomar), *Carrasqueira* ou *A Carrasqueira* (10 entidades de poboación, tres delas no concello das Neves e unha en cada un dos seguintes: Bueu, A Cañiza, Ponteceso, Pontearreas e Ribadumia, Tomiño e Vigo) e *As Carrasqueiras* (en Salvaterra). Como se pode observar, no territorio galego é un tema toponímico característico sobre todo da provincia de Pontevedra. En Portugal localízanse 26 entidades de poboación chamadas *Carrascal* ou *O Carrascal*.

No Catastro de Ensenada, as propiedades que se sitúan no “*sitio do Carrascal*” da parroquia de Reboreda son maioritariamente cualificadas de *monte, monte baixo, labradío de secano e tarrastal*.

Lugar de Casto Sampedro

Non é un topónimo tradicional, senón que contén unha homenaxe ó erudito Casto Sampedro, que viviu neste lugar. De entre as moitas actividades que Castro Sampedro e Folgar desenvolveu na súa vida (1848-1937) salientan as de musicólogo, folclorista, arqueólogo e historiador, fundador e presidente da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra e primeiro director do Museo Provincial.

O Castañal

O Castañal é outro topónimo que fai referencia á presenza dos castiñeiros, e contén un derivado de castaña (latín *CASTANEA*) mediante o sufixo *-al*, habitual na formación de derivados colectivos de nomes de plantas (como vimos en *Tarrastal, Aveal* ou *Carrascal*).

No Catastro de Ensenada figura como “*sitio do Castañal*”.

O nomenclátor de Galicia recolle dúas entidades de poboación chamadas O Castañal, unha no concello de Viveiro e outra na área urbana de Vigo.

A Minada

No diccionario galego de Eladio Rodríguez (1958-61) defínese o verbo *minar* como “abrir camiño por debaixo da terra”. O participio *A Minada* fai referencia a unha propiedade onde se practicou algún tipo de perforación ou *mina* de auga. Non figura no Catastro de Ensenada (1752), polo que supomos que ha de ter unha orixe máis recente.

O Camiño das Rendeiras

Segundo a tradición oral, o topónimo *As Rendeiras* vén do sobrenome dunha familia asentada no lugar, que seguramente o adquiriu do feito de percibiren ou pagaren determinadas *rendas*. Non figura no Catastro de Ensenada ningún lugar chamado *das Rendeiras*, aínda que se cadra algunhas propiedades lindantes co camiño do lugar da Pombeira que en 1745 estaban sometidas a rendas forais poden ter relación coa orixe do topónimo actual, que polo tanto sería un topónimo relativamente recente.

Camiño de Agrelo

Este camiño toma o seu nome do lugar de *Agrelo*, e este contén unha forma diminutiva de *agro* (< latín AGRUM), que é denominación común en galego das terras labradías. O sufixo diminutivo *-elo*, *-ela* (presente tamén no topónimo *Lamela*, como vimos) deixou de ter rendimento en galego na Idade Media e foi substituído por *-iño*, *-iña*, polo que é indicio da antigüidade deste topónimo (se fose máis recente, a súa forma sería *Agriño*).

No Catastro de Ensenada rexístrase como “*sitio de Agrelo*”.

O nomenclátor de Galicia recolle seis entidades de Poboación chamadas *Agrelo* ou *O Agrelo*, situadas nos concellos de Camariñas, A Estrada, Monforte, Muíños, Porto do Son e Vedra; o plural *Agrelos* dá nome a dous lugares nos concellos lugueses de Monforte e O Saviñao.



Pazo de Agrelo, obra do século XIX, hoxe reconvertido en pousada de turismo rural.

O Xogo dos Bolos

Na toponimia menor de Galicia non é infrecuente este topónimo, que fai referencia a un lugar onde tradicionalmente se xogaba ós xogo dos bolos ou birlos, como se fixo neste lugar de Reboreda ata non hai moitos anos.

O diccionario de Eladio Rodríguez explica unha das modalidades deste xogo do seguinte xeito:

“Bólos. *s. m. pl.* Juego que consiste en derribar el mayor número de nueve palitos labrados, que se colocan derechos en tres filas sobre el suelo y a cierta distancia.

En este juego, que alterna con el de la CHAVE, toman parte hombres casados y solteros, quienes desde una distancia de antemano fijada, y por el turno previamente establecido, tiran con una bola a los palitos o bolos, procurando derribar el mayor número de éstos en cada jugada. Terminadas éstas, gana aquel que haya sumado más tantos por haber tirado al suelo mayor cantidad de bolos. Júégase generalmente los domingos por las tardes, y es común en las aldeas, y aun en las villas y ciudades de Galicia”.

A Revolta, Camiño da Revolta

O nomenclátor de Galicia recolle dezaioito entidades de poboación chamadas *A Revolta*. Na toponimia menor é aínda máis frecuente este nome, que fai referencia sempre a curvas amplas ou longas no camiño. Trátase, polo tanto, dun topónimo viario, relativo ás vías de comunicación.

No Catastro de Ensenada figura como “*sitio da Rebolta*” ou “*da Revolta*”.

Camiño do Casal, Fonte do Casal

Casal e *casar* son nomes derivados de *casa* que designaban unha propiedade rústica composta de unha ou varias vivendas e outras construcións anexas. O nomenclá-

tor de Galicia recolle máis dun cento de entidades de poboación chamadas *Casal* ou *O Casal*, e pasan de dúscenas se contamos derivados e compostos. A maior parte delas teñen orixe na Idade Media.

No Catastro de Ensenada atopamos este topónimo como “*sitio do Casal*”. Rexístrase tamén un lugar chamado “*sitio dos Carballos do Casal*”, pero non atopamos referencias á Fonte do Casal actual.

Carreiro das Canelas

Aínda que en orixe é un derivado de *carro*, o substantivo *carreiro* designa en galego un camiño estreito para ser transitado a pé. Este camiño recibe o seu nome da zona na que atopa, tradicionalmente chamada *As Canelas*. No Catastro de Ensenada figura como “*sitio das Canelas*”.

Segundo unha tradición oral local, o *Carreiro das Canelas* debe o seu nome ás *canas* ou *canelas* empregadas para armar as viñas que se atopan nas beiras do camiño. Sen embargo, o cultivo da viña nesa zona concreta non debe ser moi antigo, pois no Catastro de Ensenada as propiedades aí situadas rexístranse como dedicadas a terras de labradío e non a viña ou parra, e sen embargo o lugar xa era coñecido como “*sitio das Canelas*”. Debemos supor, xa que logo, que se trata dun fitotopónimo relativo á vexetación, que alude ás canas que medraban no lugar. Teñen a mesma orixe as cinco entidades de poboación chamadas *Canelas* ou *As Canelas* que recolle o nomenclátor (nos concellos de Carballo, Dumbría, Malpica, Sanxenxo e Xove, ademais de tres diminutivos *Caneliñas* en Cee, Poio e Sanxenxo).

Camiño do Convento

O nome deste camiño alude a un antigo mosteiro de franciscanos que existiu no lugar de Agrelo, do que existe documentación medieval e que foi probablemente a orixe do convento da illa de San Simón. En diferentes épocas os monxes da illa rehabilitaron e ocuparon o edificio de Agrelo e as súas terras, e co tempo foron aproveitadas as súas ruínas na construción do actual pazo coñecido como Torres de Agrelo.

Na *Viaxe a Galicia* de 1745, o Padre Sarmiento refírese ó lugar de Agrelo como “*sitio en que fundan los franciscanos de la isla de San Simón*”. No Catastro de Ensenada, sete anos posterior a esa viaxe de Sarmiento, dise ó falar de Reboreda que “*en dicha feligresía y su término no hay convento de religiones*”. Segundo ese catastro, sen embargo, unha parte significativa das propiedades do “sitio de Agrelo” pagaban foro ós franciscanos de Pontevedra.

O Coto

Xa nos referimos á palabra galega *coto*, de orixe prerromana, ó tratar dos topónimos *O Cotiño* e *A Fonte do Cotiño*. Fai referencia a elevacións no terreo ou ó punto máis alto dun monte ou un outeiro. O nomenclátor de Galicia recolle máis de cen entidades de poboación chamadas *Coto* ou *O Coto*.

Este lugar figura no Catastro de Ensenada como “*sitio do Coto*”.

A Veiga Longa

Veiga é unha palabra galega de orixe prerromana, paralela ó castelán *vega* e probablemente emparentada co substantivo vasco *ibai*, que significa ‘río’. Unha *veiga* é polo tanto un terreo cultivado situado na beira dun curso de auga. Ten moita presenza na nosa toponimia: o nomenclátor de Galicia recolle cerca de cento cincuenta localidades chamadas *Veiga* ou *A Veiga*.

O adxectivo *longa* fai referencia á forma e tamaño da veiga. No Catastro de Ensenada figura coa mesma forma que ten hoxe, coas variantes gráficas de “sitio da *Veiga Longa*” “*da Beigalonga*”, “*da Veiga Lonca*”.

Camiño do Coto

Véxase o que dixemos atrás ó referirnos ó topónimo *O Coto*.



Placa identificativa do Camiño do Coto

A Carambola

A pesar da coincidencia coa palabra común *carambola* ‘lance de determinados xogos’, o nome deste lugar ha de ter unha orixe ben diferente, e posiblemente está formado por un derivado dunha raíz prerromana CAR-, que designa pedras, penedos e formacións rochosas. No concello coruñés de Coristanco existe unha entidade de poboación chamada igualmente *A Carambola*.

No Catastro de Ensenada este lugar figura como “*sitio da Carambola*” ou como “*sitio de Asnelle y lugar da Carambola*”. Foi nunha casa situada neste lugar onde se realizaron, no ano 1752, as entrevistas e declaracións relativas á parroquia de Reboreda recollidas nese catastro.

Fonte da Carambola

Trátase dunha fonte que toma o seu nome do nome do lugar onde se atopa, que é o comentado no apartado precedente.

Camiño do Bula

Segundo a tradición oral local, o lugar recibe esta denominación polo apelido dun veciño, que tiña propiedades na beira do camiño. Antigamente coñecíase este vial polo *Calexón de Bula*. É posible que este apelido, “Bula”, estea relacionado coa palabra *bula*, que designaba comunmente certo documento eclesiástico que permitía determinadas dispensas, como a da abstinencia durante a Coresma. Debe de tratarse dun topónimo de creación relativamente recente. Non figura no Catastro de Ensenada.

Pozos

Este topónimo un plural do substantivo común *pozo*, procedente do latín PUTEU, e alude á presenza no lugar de varios pozos de auga. O nomenclátor de Galicia recolle tres entidades de poboación chamadas *Pozos* ou *Os Pozos*.

No Catastro de Ensenada figura este lugar co nome de “*sitio de Pozos*”, e moitas das propiedades localizadas neste sitio pagaban foro ó mosteiro ourensán de Melón.



Peto de ánimas, no límite de Pozos con A Reboraina

ASNELLE DE ARRIBA

Véxase o que dixemos antes a propósito de *Asnelle* ó comentarmos o topónimo *Asnelle de Abaixo*.

A Miñoteira

O nome deste lugar contén un derivado de *miñoto*, un dos nomes da ave de rapina *Falco milvus*, tamén chamada *mioto* e *miñato*. Este nome puido aplicárselle debido á presenza ou abundancia destas aves no lugar ou simplemente por tratarse dun sitio elevado ou con características semellantes ás do hábitat común destas aves.

O nomenclátor de Galicia recolle dúas entidades de poboación chamadas *A Miñoteira* nos concellos da Cañiza e da Laracha. A variante *mioto* está presente noutras dúas localidades *A Mioteira*, nos concellos ourensáns de Montederramo e San Cibrao das Viñas. Na toponimia portuguesa tamén existen cinco poboacións co nome de *A Minhoteira*.

O topónimo de Reboreda figura no Catastro de Ensenada como “*sitio da Miñoteira*”.

Camiño da Veiga da Porta

Xa fixemos referencia ós posibles significados toponímicos do substantivo *porta* cando tratamos do topónimo *A Porta do Caballero*, en Santo Paio de Arriba, e para a orixe e significado de *veiga* véxase o que dixemos no topónimo *A Veiga Longa*.

Este lugar figura no Catastro de Ensenada como “*sitio da Veiga da Porta*”, e localízanse nel terreos cualificados como de regadío de primeira e segunda calidade.

A Rúa Alta

Rúa é palabra común do galego que designa unha vía urbana. Na toponimia, este substantivo pode aludir a calquera conxunto de casas agrupadas ou dispostas en fileira ó longo dunha vía pública. O adxectivo *alta* fai referencia ás características do relevo do terreo e á situación do lugar nun plano máis elevado ca outros que se toman como referencia.

Na fala local, a denominación máis común na actualidade tende a interpretar este topónimo como formado por unha soa palabra (“A Rualta”). No Catastro de Ensenada figura como “*sitio da Rúa Alta*”.

O Cruceiro do Recanto

O primeiro elemento do topónimo refírese a un cruceiro de pedra situado nunha encrucillada de camiños. O segundo elemento é o nome tradicional desa zona na que se atopa o cruceiro, e contén o substantivo común galego *recanto*, ‘esquina, curruncho’.

Podería pensarse que recibe o seu nome do feito de estar situado o cruceiro non no centro da encrucillada, senón nunha esquina dela. Sen embargo, no Catastro de Ensenada non atopamos referencias ó cruceiro aquí situado, pero o lugar, ocupado por terreos de parra e labradío de regadío, xa aparece rexistrado como “*sitio do Recanto*”.

O Outeiro

Véxase o que dixemos antes da palabra *Outeiro* ó tratar do topónimo *A Chan do Outeiro*. Este lugar figura no Catastro de Ensenada como “*sitio do Outeiro en Asnelle*” ou “*sitio del Outeiro*”.

As Ruás

Trátase dun topónimo enigmático, do que non só non sabemos cal pode ser a súa orixe e significado, senón que tamén ofrece problemas de representación gráfica, pois podería escribirse igualmente *A Ruás*, *As Ruás* ou *Arruás*. Non parece probable que conteña o nome do mamífero mariño chamado *arroaz* ou *arroás*, aínda que non se pode descartar esta orixe a partir do emprego deste nome como alcuña dun individuo (o diccionario galego-castelán de Eladio Rodríguez, por exemplo, entre os significados de *arroaz* recolle unha acepción co sentido de ‘home gordo e grande’). Máis ben parece o plural dun derivado en *-al*, se cadra dalgún nome de planta, pero non temos información que nos permita interpretalo satisfactoriamente. Cómpre ter en conta tamén a posibilidade de que derive do substantivo común galego *arró* ‘franja estreita de terra non cultivada nas beiras dos regueiros e das terras de labor’. Coas mencionadas grafías *A Ruás*, *As Ruás* e *Arruás*, indistintamente, aparece no Catastro de Ensenada de 1752.



Pombal pertencente á antiga Casa de Táboas, sita en A Ruás

Camiño Vello, Camiño do Regueiro

Son dous topónimos viarios que designan diferentes tramos do antigo camiño que conducía de Reboreda a Amoedo. Noutro dos seus treitos recibe o nome de *Camiño do Recanto*, ó pasar pola zona coñecida tradicionalmente como *O Recanto*, que deu nome ó cruceiro do que falamos máis arriba.

O Cadaval

Cádavo é unha palabra común galega de orixe prerromana, e o seu significado faina sinónimo de *ganzo*, *guizo* e *chamizo*. O Padre Sarmiento, no seu *Catálogo de Voces y Frases*, composto a mediados do século XVIII, deixounos a máis antiga definición deste termo, explicando que os cádavos son “*aquellos palos quemados o a medio quemar que quedan en los montes que se han quemado, y después se traen para la lumbre, y suelen ser de toxos, gestas, urzes, queirugas, etc.*”. O mesmo Padre Sarmiento explica a toponimia relacionada coa voz cádavo: “*Hay un monte en Moimenta llamado Cádavo. Hay un lugar en Sacos que llaman Cadabo. Creo hay en Asturias lugar Cadabedo (...). Cadaval, Cadavedo (...) significan lugares abundantes de cádavos*”.

O Cadaval da parroquia de Reboreda aparece no Catastro de Ensenada como “*sitio do Cadaval*”.

As Longuiñas

Este topónimo contén un diminutivo do adxectivo *longo* na súa forma do feminino plural. A forma orixinaria do topónimo, sen embargo, era singular, e no Catastro de Ensenada figura como “*sitio da Longuiña*”. O nome naceu posiblemente para designar unha propiedade concreta nese lugar, que foi coñecida como *A Longuiña* pola súa forma alongada. O paso da denominación singular que tiña no século XVIII á plural que ten na actualidade é paralelo ó que se produciu en *A Cabirta / As Cabirtas, A Garonda / As Garondas* e outros topónimos da parroquia.

ÍNDICE

Abeal, O, 57
 Abehal, O, 57
 Abeleda, 16
 Abelosa, 19
 Agrelo, 71, 74, 75,
 Agrelo, O, 71
 Agrelos, 71
 Agriño, 71
 Albeos, 21
 Aldea, 46
 Aldea, A, 45, 46
 Altameiga, 18
 Alvedosa, 18, 30, 48
 Alxén, 19
 Amoedo, 16, 82
 Aquelabanda, 24
 Arrabadeira, 63
 Arrotea, A, 36
 Arruás, 80
 Asnelle, 50, 63, 67, 79
 Asnelle de Abaixo, 24, 67, 79
 Asnelle de Arriba, 79
 Aveal, 70
 Aveal, O, 55, 57
 Aveás, 57
 Aveeira, 57
 Avial, O, 57
 Avieira, 57
 Balchamade, 61, 67
 Baldarío, 24
 Banda do Río, 24
 Banda do Río, A, 24
 Banda o Río, 24
 Bande, 24
 Barreira, A, 43
 Barreiro, 43
 Begonte, 59
 Beira Alta, 27
 Boborás, 22
 Boca de Valo, 48
 Boiro, 24
 Bolchamade, 50, 63
 Bueu, 70
 Cabirta, A, 55, 82
 Cabirtas, As, 31, 34, 55, 82
 Cabritas, 31
 Cacharela, A, 28, 42
 Cadabedo, 82
 Cadaval, 82
 Cadaval, O, 82
 Cadavedo, 82
 Cádavo, 82
 Calabanda, 24
 Calexón de Bula, 77
 Camariñas, 71
 Camiño: da Area, 53, da Casanova, 51,
 da Cavadiña, 46, 48, da Garonda, 53,
 da Lavandeira, 35, da Misión, 38, da
 Pereira, 58, da Quintana, 62, da
 Revolta, 73, da Veiga da Porta, 79, das
 Lamelas, 43, das Laxes, 21, 22, das Ren-
 deiras, 71, de Agrelo, 71, do Bula, 77,
 do Caracol, 45, do Casal, 73, do Con-
 vento, 74, do Coto, 75, do Pousadouro,
 24, 67, do Recanto, 82, do Regueiro,
 82, do Regueiro do Porto, 48, do Santo,
 48, do Souto, 35, 61, do Tarrastal, 59,
 Fondo, 40, 66, Vello, 82, 25
 Campiño, 18
 Campo da Roda, 22, 24
 Campo das Rodas, 24
 Canaval, 31
 Candea, A, 66
 Candón, O, 66
 Caneda, 31
 Canedo, 31
 Canelas, 74
 Canelas, As, 31, 74
 Caneliñas, 74
 Canido, 31
 Cano de Pedra, O, 65
 Canosa, A, 31
 Canudo, O, 31
 Cañiza, A, 70, 79
 Carambola, A, 77
 Carballedo, 19
 Carballo, 74
 Carballos do Casal, 74
 Carballosa, 19
 Carboeira, 38
 Carboeiro, 38
 Carboeiro, O, 38
 Carrasca, A, 70
 Carrascal, 70
 Carrascal, O, 68, 70
 Carrascás, 70
 Carrasquedo: de Abaixo, 70,
 de Arriba, 70
 Carrasqueira, 70
 Carrasqueira, A, 70
 Carrasqueiras, As, 70
 Carreiro das Canelas, 74
 Casal do Abade, 59
 Casal, 74
 Casal, O, 74
 Casanova, 50
 Casanova, A, 50, 51

- Castañal, 35
 Castañal, O, 70, 71
 Castiñeira, A, 35
 Castiñeiras, 35
 Casto Sampedro, Lugar de, 70
 Cavada, 42
 Cavada, A, 42
 Cavadas, As, 42, 46
 Cavadiña, A, 42
 Cedeira, 65
 Cee, 74
 Celanova, 22
 Cenlle, 19
 Cerceda, 65
 Cerdal, 58
 Cerdeda, 58
 Cerdedo, 16, 58
 Cerdeira, 58
 Cereixo, 58
 Cereixos, Os, 58
 Cernada, 50
 Contige, 27
 Continunde, 28
 Contixe, 27, 28, 50, 63
 Córdoba, 21
 Coristanco, 65, 77
 Corredoira, 68
 Corredoura, 68
 Corte Vella, A, 45
 Cortes, 45
 Cortes, As, 45
 Cospeito, 65
 Costa da Anuca, 62
 Costa da Nuca, 62
 Costa de Anuca, 62
 Cotarelo, 40
 Cótaro, 40
 Coteló, 40
 Cotiño, O, 40, 75
 Coto, 40
 Coto, O, 75
 Coto Redondo, 40
 Cotobade, 59
 Cotro, 40
 Couto do Piollo, O, 31
 Crecente, 21
 Cristo: de Abaixo, 63, de Arriba, 63, de Pousadouro, 68
 Cruceiro: de Anuca, 63, do Recanto, O, 80
 Cruz de Pousadoiro, A, 68
 Chamosiños, 50
 Chamoso, 50
 Chan: da Quintana, A, 62, 65, de Outeiro, A, 65, do Abade, 59, do Outeiro, A, 80, do Rial, A, 62
 Chans, As, 34, 62, 65
 Chaves, 22
 Dumbría, 74
 Eira Pedraza, 18
 Eiras Vellas, 57, 58
 Encrucillada, A, 43, 62
 Erbedeiro, 19
 Erbedeiro, O, 19
 Erbedelo, 19
 Erbedosa, A, 19
 Estrada, A, 28, 58, 71
 Fanefa, A, 25
 Fareixa, 30
 Farixa, 30
 Feixa, A, 30
 Felgar, 35
 Felgueira, 35
 Fental, 35
 Fentar, 35
 Fenteira, 35
 Fieital, 35
 Fieiteira, 35
 Figueira, 31
 Figueiral, 31
 Figueiras, 31
 Figueiras, As, 31
 Figueiredo, 31
 Figueirido, 16, 31
 Figueiroa, 31
 Filgueira, 35
 Folgoso, 35
 Fonte: da Barreira, 43, da Carambola, 77, da Costa, 43, da Fenteira, 34, de Arriba, 36, de Saavedra, 24, 59, do Abade, 24, 59, do Casal, 73, 74, Cocho do Souto, 61, do Cotiño, A, 40, 75, do Marchabén, 24, do Souto, 61
 Forcarei, 65
 Freixa, A, 30
 Freixoso, 19
 Fuente: Bilela, 18, do Mouro, 18
 Garonda, 53, 55
 Garonda, A, 82
 Garonda de Abaixo, A, 55
 Garonda de Arriba, A, 55
 Garondas, As, 55, 82
 Gondomar, 70
 Illa de San Simón, 74
 Irixo, O, 59
 Lalin, 28
 Lama, 43

Lamela, 43, 71
 Lamelas, 43
 Laracha, 79
 Laranxos, Os, 46
 Lavandeira, A, 35
 Lavadeiras, As, 35
 Laxa, 22
 Laxas, 22
 Laxe, 22
 Laxeal, 18
 Laxedo, 22
 Laxeiro, 22
 Laxela, 22
 Laxelas, 22
 Laxes, 22
 Laxiña, 22
 Laxosa, 22
 Lobelle, 34
 Longuiña, A, 82
 Longuiñas, As, 82
 Loural, 52
 Louredo, 52
 Loureiral, 52
 Loureiro, O, 52
 Loureiros, Os, 52
 Lourido, 52
 Lugar de Casto Sampedro, 70
 Malpica, 74
 Melón, 34, 77
 Minada, A, 71
 Minhoteira, A, 79
 Miñoteira, A, 79
 Mioteira, A, 79
 Moimenta, 82
 Monforte, 31, 71
 Monte do Leite, O, 34
 Montederramo, 79
 Moscoso, 51
 Moscoxo, 51
 Muíños, 71
 Muíños da Fanega, 27, de Torrade, 63
 Muíños, Os, 28
 Muro Novo, O, 42
 Muronovo, 42
 Neves, As, 66, 70
 Nigrán, 65, 70
 Novelle, 31, 34, 50, 63, 67
 Obial, O, 57
 Oleiros, 36, 65
 Ourense, 19
 Outeiro, 65
 Outeiro, O, 80
 Pasal, 25
 Pasás, Os, 25
 Paso, 25
 Pasos da Fanega, Os, 25
 Pasos, Os, 25
 Pazos de Borbén, 65
 Pena Rabadeyra, 65
 Penedo do Toxo, 18
 Pereira, 58
 Pereira, A, 58
 Peroxa, 50
 Peroxa, A, 50
 Pigarreira, A, 51, 52
 Pobra do Caramiñal, 24
 Poio, 74
 Pontearas, 30, 65, 70
 Ponteceso, 70
 Porta do Caballero, A, 42, 79
 Porto, 48
 Porto de Bois, 48,
 Porto do Medio, 48,
 Porto do Son, 71
 Porto, O, 48
 Pousadoiro, 68
 Pousadoiro, O, 68
 Pousadouro, 24, 67, 68
 Poza da Aldea, 46, 67
 Poza do Monico, 67
 Pozos, 77
 Pozos, Os, 77
 Prado do Carballo das Cen Pólas, 53
 Queimadas, As, 50
 Queimadelos, 50
 Quintá, 52
 Quintán, 52
 Quintán, A, 53, 62
 Quintana, 52
 Quintana, A, 52, 53, 62, 62
 Quintana de Mortos, 53
 Quintana de Vivos, 53
 Quintáns, 52
 Quintás, 52
 Quintela, 52
 Quinterla, 52
 Rabada, 65
 Rabadán, 65
 Rabadáns, 65
 Rábade, 65
 Rabadeira, 65
 Rabadeira, A, 63, 65
 Rabadeiras, 65
 Rabadeiro, 65
 Rabadeiro, O, 65

Reboraina, 40
 Reboraina, A, 38
 Reboreda, 16
 Reboreda, 18
 Reboredo, 16
 Recanto, O, 82
 Redondela, 16, 65
 Regato, 35
 Rego da Lavandeira, 35
 Rego das Lavadeiras, 35
 Regueiro, 35, 48
 Regueiro da Peroxa, A, 50
 Regueiro do Porto, 48
 Rendeiras, As, 71
 Revolta, A, 73
 Riba, 65
 Ribada, 65
 Ribadavia, 34
 Ribadeira, 65
 Ribadumia, 65, 70
 Ribeira, 65
 Río: da Feixa, 30, da Feixa, 18, 30, da
 Freixa, 30, da Freixa, 18, 30, da
 Lavandeira, 35, da Rabadeira, 65,
 da Roda, 24, das Rodas, 24, de
 San, 48, 51, de Torrade, 63
 Roda, A, 22
 Rodas, 22
 Rodas, As, 22
 Rosal, 70
 Rotea, A, 36, 42
 Rúa Alta, A, 79
 Rúas, As, 80
 Saavedra, 59
 Sacos, 82
 Salvaterra, 19, 22, 65, 70
 San Cibrao das Viñas, 79
 Sanguñeda, 16
 Santo Paio de Abaixo, 19, 25
 Santo Paio de Arriba, 19, 42, 79
 Sanxenxo, 36, 74
 Satão, 27
 Saviñao, O, 71
 Seixal, 36
 Seixal, O, 36
 Seixas, 36
 Seixido, 36
 Seixiños, 36
 Seixo, 36
 Seixo, O, 36
 Seixoso, 36
 Soutelo, 35, 61
 Soutiño, 35, 61
 Souto, 61
 Souto do Bispo, 61
 Souto, O, 35, 61
 Souto Vello, 35
 Soutochán, 61
 Soutogrande, 35, 61
 Soutolongo, 35, 61
 Soutomaior, 35, 61
 Soutullo, 35, 61
 Taboexa, 66
 Tarrastal, 61, 70
 Tarrasteira, 61
 Terrastal, 61
 Tomiño, 61
 Tomiño, 70
 Toralla, 57
 Toro, 57
 Torrade, 50, 63, 67
 Torrado, 63
 Toureiro, O, 57
 Tourón, 57
 Tui, 18, 21, 22
 Urzeira, 18
 Valchamada, 50
 Valchamade, 50
 Valo, 48
 Valos, Os, 48
 Valle Garonda, 55
 Vedra, 71
 Veiga, 75
 Veiga, A, 75
 Veiga Longa, A, 75, 79
 Veigas de Arriba, 36
 Ventoso, 51
 Ventoso, 51
 Vicedo, 42
 Vigo, 65, 70, 71
 Vila Garonda, 55
 Vila Nova de Cerveira, 18
 Vilalba, 22
 Vilar do Abade, 59
 Vimianzo, 31, 58
 Viña da Chan, 62
 Viseu, 27
 Viveiro, 71
 Xestoso, 19
 Xogo dos Bolos, O, 73
 Xove, 74

Os pobos que teñen presente e respectan a súa identidade demostran a súa sabedoría. Por iso calquera iniciativa que contribúa á posta en valor desa identidade merece ser recoñecida.

Gracias a esta obra sobre os “Camiños da identidade” Redondela, e máis concretamente Reboreda, vai contar cun elemento de estudio e reflexión de incalculable valor para bucear sobre o seu propio ser.

Aspectos como a paisaxe, a arquitectura popular ou a toponimia teñen cabida nesta obra e amósannos a nosa Reboreda, unha Reboreda dinámica, viva e chea de encantos. O lector pode achegarse a eles a través destas páxinas ou coñecelos directamente. En calquera caso quedará gratamente sorprendido, estou seguro.

Xesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura,
Comunicación Social e Turismo
Xunta de Galicia



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Dirección Xeral de Turismo